

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 5 DE NOVEMBRO DE 2015

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18.04 horas do día 5 de novembro de 2015, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Panceiras, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Ana María Novo Picos, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María del Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 03.09.2015**

Non se presentan obxeccións, polo que a acta queda aprobada.

**2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende o número 1095/2015 á 1194/2015**

Os concelleiros danse por informados.

**3. Aprobación, se procede, da modificación do importe global da produtividade**

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Dinamización Económica en sesión ordinaria do 26 de outubro de 2015 por 4 votos a favor (2 grupo municipal do BNG, 2 grupo municipal Somos Fene) e 4 abstencións (3 do grupo municipal do PP e 1 do grupo municipal mixto):

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: Modificación do importe global do complemento de produtividade.

Dacordo ca contabilidade das nóminas do persoal, o nivel de execución do complemento de produtividade é elevado respecto das previsións dos créditos iniciais resultando insuficiente para a liquidación do complemento de produtividade polos desempeños accidentais dos postos de traballo da Intervención e TESourería que nesta data figuran pendentes de pagamento.

Por outra parte, considérase que o citado incremento debe ser compensado cunha minoración do crédito da aplicación orzamentaria 912/10000 que arroxa un saldo disponible de 15584,77 € a 1 de outubro tal e como se informa pola Intervención municipal.

En conclusión, as previsións da evolución de tales conceptos retributivos ata fin de exercicio son as seguintes:

Considérase insuficiente o saldo de determinadas partidas de produtividade, sendo necesario o seu aumento, en base ás razóns expostas anteriormente. Por outra parte, o crédito da aplicación 912/10000 estímase reducible sen perturbación do respectivo servizo na medida en que como consecuencia do novo réxime de adicacións da nova corporación municipal o crédito dotado inicialmente é superior ó gasto previsto para o exercicio-

As aplicacións nas que se operaría a modificación serían as seguintes:

APLICAC. ORZ.	IMPORTE (€)
931/15000	4200,00
TOTAL	4200,00

Tendo en conta as competencias do Pleno para a fixación do importe global do complemento de produtividade, dacordo co artigo 22.1 i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, e as competencias da Alcaldía para a súa distribución, según o artigo 21.1.g) do mesmo texto legal, Logo de ver o informe da Intervención municipal de 01.10.2015 que transcrito di: INFORME DE INTERVENCIÓN

Asunto: Modificación do importe global da produtividade.

*Lexislación aplicable:*

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL)*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais (TRLFL)*
- *Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (RP)*
- *Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios de Administración Local*
- *Bases de execución do orzamento do exercicio económico 2014, prorrogado.*
- *Demais normativa concordante*

ANTECEDENTES:

Preséntase para fiscalización proposta de Alcaldía ó Pleno para a modificación do importe global dos créditos orzamentarios da produtividade. Á vista de tales antecedentes e da normativa aplicable, esta Intervención emite o seguinte INFORME:

PRIMEIRO: Competencia na fixación do complemento de produtividade do personal.

A este respecto hai que ter en conta a seguinte normativa aplicable en dita materia:

O artigo 22.1.i) da Lei 7/1985, de 2 de abril establece como competencia plenaria a fixación da contía das retribucións complementarias fixas e periódicas. Dentro destas últimas inclúense tanto as gratificacións como a produtividade. Por outra parte, o artigo 21.1.g) do mesmo texto legal sitúa como competencia da Alcaldía a distribución das retribucións complementarias que non sexan nen fixas nen periódicas, é dicir, a produtividade e as gratificacións.

O Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, establece a seguinte regulación respecto do complemento de produtividade:

O artigo 5 establece na liña da Lei 7/1985, de 2 de abril o seguinte:

“5. Corresponde al Pleno de cada Corporación determinar en el presupuesto la cantidad global destinada a la asignación de complemento de productividad a los funcionarios dentro de los límites máximos señalados en el artículo 7.2.b) de esta norma.

6. Corresponde al Alcalde o al Presidente de la Corporación la distribución de dicha cuantía entre los diferentes programas o áreas y la asignación individual del complemento de productividad, con sujeción a los criterios que en su caso haya establecido el Pleno, sin perjuicio de las delegaciones que pueda conferir conforme a lo establecido en la Ley 7/1985, de 2 de abril.”

“Artículo 7. Límites a la cuantía global de los complementos específicos, de productividad y gratificaciones.

1. Los créditos destinados a complemento específico, complemento de productividad, gratificaciones y, en su caso, complementos personales transitorios, serán los que resulten de restar a la masa retributiva global presupuestada para cada ejercicio económico, excluida la referida al personal laboral, la suma de las cantidades que al personal funcionario le correspondan por los conceptos de retribuciones básicas, ayuda familiar y complemento de destino.

2. La cantidad que resulte, con arreglo a lo dispuesto en el número anterior, se destinará:

- d. Hasta un máximo del 75 % para complemento específico, en cualquiera de sus modalidades, incluyendo el de penosidad o peligrosidad para la policía municipal y servicio de extinción de incendios.
- e. Hasta un máximo del 30 % para complemento de productividad.
- f. Hasta un máximo del 10 % para gratificaciones.”

Hai que sinalar que o complemento de produtividade está destinado a retribuir o especial rendimento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desempeña o seu traballo. A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxetivas relacionadas, directamente co desempeño do posto de traballo e obxetivos asignados ó mesmo.

En ningún caso, as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que se reciban serán de coñecemento público tanto para os demás funcionarios como para os representantes sindicais.

Corresponde ó Alcalde a distribución de dita contía entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de produtividade, con suxeición ós criterios que no seu caso establecera o Pleno.

Coa proposta de incremento das partidas de produtividade, seguiríanse a cumprir os límites previstos no artigo 7 do RD 861/1896, de 25 de abril, tal e como xa se informou pola Intervención con motivo da fiscalización da proxecto de orzamentos do exercicio 2014, prorrogado.

Polo tanto, neste caso son esenciais os arts. 5.5 e 6.1 do RD 861/1986, que atribúen ó Pleno da Corporación a competencia para determinar a contía global destinada á asignación de produtividade e gratificacións, dentro dos límites sinalados no citado art. 7. Isto supón que, aínda cando os arts. 5.6 e 6.2 atribúen ó Alcalde a competencia para a asignación individual de produtividade e gratificacións, nunca poderá aprobar unha asignación individual por estes conceptos que excedan da cantidade que sinalou o Pleno da corporación. Se se admitira (no suposto que non se excederan os límites do art. 7) que o Alcalde, a través do mecanismo da vinculación xurídica, asignara mais produtividade ou gratificacións que as determinadas polo Pleno da Corporación, estaríase furtando indirectamente, ó Pleno unha competencia que a ten atribuída por lei, e polo tanto estaríase incumprindo a lei.

SEGUNDO: Transferencia de crédito

Este punto será obxecto de fiscalización no expediente correspondente. A este respecto, faise referencia a tres puntos:

- Competencia da Alcaldía

A Proposta de Alcaldía fai referencia á competencia deste órgano para a realización de tal transferencia. O artigo 179.2 TRLFL establece que a competencia das transferencias de crédito entre partidas da mesma área de gasto será o Alcalde, mentres que lle corresponderá ó Pleno, se as partidas afectan a distinta áreas de gasto. Neste último caso faise unha excepción de tal competencia a favor de Alcaldía nos casos nos que as altas e baixas afecten a gastos de persoal.



- Crédito dispoñible: Tras a proposta da Alcaldía, fíxose as correspondentes retencións de crédito, que acredita a existencia de crédito suficiente a nivel das aplicacións para a posible transferencia de crédito.

- Límites das transferencias de crédito: Hai que ter en conta que existe unha serie de limitacións nas partidas que serán obxecto de minoración e aumento mediante transferencias de crédito, xa que non poderán ser obxecto de novas transferencias de crédito. Esta limitación non opera para créditos de persoal.

Terceiro.- Procedemento.

A aprobación dos expedientes requirirá dictame previo da Comisión Informativa de Facenda e acordo plenario por maioría simple (artigo 22 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local).

Á vista do exposto e sen perxuízo doutra opinión mellor fundada en dereito, esta Intervención emite INFORME FAVORABLE a este expediente.

Fene, a 01.10.2015  
A interventora  
Marta Roca Naveira"

Esta Alcaldía PROPÓN ó Pleno, previo dictame da Comisión de Facenda, :

- O incremento do importe do complemento de produtividade en 4200,00 euros, resultando a consignación orzamentaria total deste complemento retributivo en 16680,00 euros.

- A redución do importe global do crédito das aplicación 912/10000 en 4200,00 euros.

Para levar a cabo tales axustes no Orzamento do exercicio 2014, prorrogado realizarase a correspondente transferencia de crédito por Decreto de Alcaldía, en base á competencia deste órgano para a distribución da contía global aprobada por Pleno, de tales conceptos e para a aprobación de transferencias de crédito cando as partidas minoradas e incrementadas correspondan a gastos de persoal.

Fene, a 01.10.2015  
O ALCALDE.  
Juventino J. Trigo Rey"

**Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**- O incremento do importe do complemento de produtividade en 4200,00 euros, resultando a consignación orzamentaria total deste complemento retributivo en 16680,00 euros.**

**- A redución do importe global do crédito das aplicación 912/10000 en 4200,00 euros.**

**Para levar a cabo tales axustes no Orzamento do exercicio 2014, prorrogado realizarase a correspondente transferencia de crédito por Decreto de Alcaldía, en base á competencia deste órgano para a distribución da contía global aprobada por Pleno, de tales conceptos e para a aprobación de transferencias de crédito cando as partidas minoradas e incrementadas correspondan a gastos de persoal.**

#### **4. Aprobación, se procede, do suplemento de crédito núm. 10/2015**

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Dinamización Económica en sesión ordinaria do 26 de outubro de 2015 por 8 votos a favor (2 grupo municipal do BNG, 2 grupo municipal Somos Fene, 3 do grupo municipal PP e 1 do grupo municipal mixto ):

## "PROPOSTA DA ALCALDIA

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de suplemento de créditos nº 10/2015, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

## EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria e providencia adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Por parte desta Alcaldía considera conveniente citar neste momento a resolución adoptada pola Comisión de Economía e Administración Local da FEMP o 19.09.2015 cuxo tenor literal di: "14.- (...) Ademais, se propoñe que a efectos del cumplimiento de la regla de gasto no se consideren como gastos computables aquellos que tengan carácter obligatorio y deriven de causas sobrevenidas en el ejercicio presupuestario cuya ejecución se deba a motivos extraordinarios y urgentes.

Por ello instamos, por tanto, al Ministerio de Hacienda y Administraciones Publicas a que, con carácter urgente, tramite una disposición normativa mediante la cual se establezca inequívocamente que el gasto realizado en 2015, correspondiente al reintegro de esa fracción de paga extraordinaria, tiene la consideración de gasto no computable en el cálculo del cumplimiento de la regla de gasto"

Tendo en conta o manifestado pola Intervención municipal en relación á valoración da situación financeira do Concello ós efectos de proceder á devolución neste exercicio de parte da paga extra do mes de decembro de 2012, e considerando que se instou pola FEMP ó Goberno da nación para que dito gasto non teña a consideración de gasto computable ós efectos de cumprimento da regra de gasto ( máxime cando no ano 2012 dito gasto non puido ser considerado ós efectos da regra de gasto,) é polo que, considerando que as demais ratios ( nivel de débeda, aforro neto, periodo medio de pago....) son positivas, se considera oportuno tramitar neste intre a presente modificación de crédito.

Visto os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte, PROPOSTA:

1º. Aprobar o expediente nº 10/2015 de suplemento de crédito financiados con remanente líquido de tesourería para gastos xerais por un importe global de 47.307,28 € de conformidade co previsto no TRLRFL.O detalle é o seguinte :

## Aplicacións orzamentarias incrementadas polo suplemento de crédito:

APLICAC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
920/13002	Admón xeral. Outras ret. Lab fixo	257.10
320/13002	ADmón xeral educación. Outras ret. Lab fixo	1251.33
492/13002	Xestión do coñecemento. Outras ret. Lab fixo	1412.05
171/13100	Parques e xardíns. Laboral temporal	1105.57
231/13100	Asistencia social primaria. Laboral temporal	4418.97
241/13100	Fomento do emprego. Laboral temporal	1353.12
320/13100	Admón. Xeral educación. Laboral temporal	1840.94
330/13100	Admón. Xeral cultura. Laboral temporal	356.66
334/13100	Promoción cultural. Laboral temporal	413.10
3322/13100	Arquivos. Laboral temporal	413.61
333/13100	Equipamentos culturais e museos. Laboral temporal	353.26
920/13100	Admón xeral. Laboral temporal	1801.10
151/13100	Urbanismo. Laboral temporal	118.86
132/12003	Seguridade e orde pública. Soldos C1	3342.72
132/12006	Seguridade e orde pública. Trienios	357.72
132/12101	Seguridade e orde pública. CE	1816.68

APLICAC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
151/12000	Urbanismo. Soldos A1	433.60
151/12001	Urbanismo. Soldos A2	733.16
151/12003	Urbanismo. Soldos C1	501.41
151/12004	Urbanismo. Soldos C2	259.30
151/12006	Urbanismo. Trienios	265.89
151/12101	Urbanismo. CE	824.18
171/12003	Parques e xardíns. Soldos C1	259.30
171/12006	Parques e xardíns. Trienios	34.97
171/12101	Parques e xardíns. CE	108.02
1621/12004	REcollida de residuos. Soldos C2	259.30
1621/12005	REcollida de residuos. Soldos E	895.44
1621/12006	REcollida de residuos. Trienios	119.94
1621/12101	REcollida de residuos.CE	627.49
163/12005	Limpeza viaria. Soldos E	1567.02
163/12006	Limpeza viaria. Trienios	84.8
163/12101	Limpeza viaria. CE	892.85
164/12004	CEmitterios. Soldos C2	518.60
164/12006	CEmitterios. Trienios	12.83
164/12101	CEmitterios. CE	216.04
231/12001	Asistencia social primaria. Soldos A2	366.58
231/12006	Asistencia social primaria. Trienios	59.84
231/12101	Asistencia social primaria. CE	112.63
320/12005	Admón xeral educación. Soldos E	1119.30
320/12006	Admón xeral educación. Trienios	140.07
320/12101	Admón xeral educación. CE	640.95
330/12003	Admón xeral cultura. Soldos C1	278.56
330/12005	Admón xeral cultura. Soldos E	223.86
330/12006	Admón xeral cultura. Trienios	75.74
330/12101	Admón xeral cultura. CE	235.97
3322/12001	Arquivos. Soldos A2	366.58
3322/12006	Arquivos. Trienios	59.84
3322/12101	Arquivos. CE	112.63
3321/12001	Bibliotecas. Soldos A2	336.34
3321/12006	Bibliotecas. Trienios	19.95
3321/12101	Bibliotecas. CE	112.63
340/12003	Admón xeral deportes. Soldos C1	557.12
340/12006	Admón xeral deportes. trienios	53.44
340/12101	Admón xeral deportes. CE	215.56
453/12004	Estradas. Soldos C2	1815.10
453/12005	Estradas. Soldos E	671.58
453/12006	Estradas. Trienios	200.69
453/12101	Estradas. CE	1099.34
920/12000	Admón xeral. Soldos A1	841.02
920/12003	Admón xeral. Soldos C1	518.6
920/12004	Admón xeral. Soldos C2	2622,27
920/12005	Admón xeral.Soldos E	223.86
920/12006	Admón xeral. trienios	264.9
920/12101	Admón xeral. CE	1524.26
923/12003	Información básica e estadística. Soldos C1	278.56
923/12006	Información básica e estadística. Trienios	77.51
923/12101	Información básica e estadística. CE	107.78

C.I.F.: P-I503600-G

APLICAC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
931/12000	Política ec. E fiscal. Soldos A1	433.60
931/12001	Política ec. E fiscal. Soldos A2	366.58
931/12003	Política ec. E fiscal. Soldos C1	557.12
931/12004	Política ec. E fiscal. Soldos C2	259.30
931/12006	Política ec. E fiscal. Trienios	170.28
931/12101	Política ec. E fiscal. CE	960.12

Medios de financiación do gasto.-

Proponse que a financiación se realice con cargo a ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais por importe de 47.307,28 €.

O importe total da modificación proposta ascende 47.307,28€.

2º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

3º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

Fene, a 20 de outubro de 2015.

O ALCALDE

Asdo. Juventino J. Trigo Rey"

**Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**1º. Aprobar o expediente nº 10/2015 de suplemento de crédito financiados con remanente líquido de tesourería para gastos xerais por un importe global de 47.307,28 € de conformidade co previsto no TRLRFL. O detalle é o seguinte :**

**Aplicacións orzamentarias incrementadas polo suplemento de crédito:**

APLICAC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
920/13002	Admón xeral. Outras ret. Lab fixo	257.10
320/13002	ADmón xeral educación. Outras ret. Lab fixo	1251.33
492/13002	Xestión do coñecemento. Outras ret. Lab fixo	1412.05
171/13100	Parques e xardíns. Laboral temporal	1105.57
231/13100	Asistencia social primaria. Laboral temporal	4418.97
241/13100	Fomento do emprego. Laboral temporal	1353.12
320/13100	Admón. Xeral educación. Laboral temporal	1840.94
330/13100	Admón. Xeral cultura. Laboral temporal	356.66
334/13100	Promoción cultural. Laboral temporal	413.10
3322/13100	Arquivos. Laboral temporal	413.61
333/13100	Equipamentos culturais e museos. Laboral temporal	353.26
920/13100	Admón xeral. Laboral temporal	1801.10
151/13100	Urbanismo. Laboral temporal	118.86
132/12003	Seguridade e orde pública. Soldos C1	3342.72

<b>APLICAC. ORZ.</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE (€)</b>
132/12006	Seguridade e orde pública.Trienios	357.72
132/12101	Seguridade e orde pública. CE	1816.68
151/12000	Urbanismo. Soldos A1	433.60
151/12001	Urbanismo. Soldos A2	733.16
151/12003	Urbanismo. Soldos C1	501.41
151/12004	Urbanismo. Soldos C2	259.30
151/12006	Urbanismo. Trienios	265.89
151/12101	Urbanismo. CE	824.18
171/12003	Parques e xardíns. Soldos C1	259.30
171/12006	Parques e xardíns. Trienios	34.97
171/12101	Parques e xardíns. CE	108.02
1621/12004	REcollida de residuos. Soldos C2	259.30
1621/12005	REcollida de residuos. Soldos E	895.44
1621/12006	REcollida de residuos. Trienios	119.94
1621/12101	REcollida de residuos.CE	627.49
163/12005	Limpeza viaria. Soldos E	1567.02
163/12006	Limpeza viaria. Trienios	84.8
163/12101	Limpeza viaria. CE	892.85
164/12004	CEmitterios. Soldos C2	518.60
164/12006	CEmitterios. Trienios	12.83
164/12101	CEmitterios. CE	216.04
231/12001	Asistencia social primaria. Soldos A2	366.58
231/12006	Asistencia social primaria. Trienios	59.84
231/12101	Asistencia social primaria. CE	112.63
320/12005	Admón xeral educación. Soldos E	1119.30
320/12006	Admón xeral educación. Trienios	140.07
320/12101	Admón xeral educación. CE	640.95
330/12003	Admón xeral cultura. Soldos C1	278.56
330/12005	Admón xeral cultura. Soldos E	223.86
330/12006	Admón xeral cultura. Trienios	75.74
330/12101	Admón xeral cultura. CE	235.97
3322/12001	Arquivos. Soldos A2	366.58
3322/12006	Arquivos. Trienios	59.84
3322/12101	Arquivos. CE	112.63
3321/12001	Bibliotecas. Soldos A2	336.34
3321/12006	Bibliotecas. Trienios	19.95
3321/12101	Bibliotecas. CE	112.63
340/12003	Admón xeral deportes. Soldos C1	557.12
340/12006	Admón xeral deportes. trienios	53.44
340/12101	Admón xeral deportes. CE	215.56
453/12004	Estradas. Soldos C2	1815.10
453/12005	Estradas. Soldos E	671.58
453/12006	Estradas. Trienios	200.69
453/12101	Estradas. CE	1099.34
920/12000	Admón xeral. Soldos A1	841.02
920/12003	Admón xeral. Soldos C1	518.6
920/12004	Admón xeral. Soldos C2	2622,27
920/12005	Admón xeral.Soldos E	223.86
920/12006	Admón xeral. trienios	264.9
920/12101	Admón xeral. CE	1524.26
923/12003	Información básica e estadística. Soldos	278.56



APLICAC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
923/12006	<b>C1</b> Información básica e estadística. Trienios	<b>77.51</b>
923/12101	Información básica e estadística. CE	<b>107.78</b>
931/12000	Política ec. E fiscal. Soldos A1	<b>433.60</b>
931/12001	Política ec. E fiscal. Soldos A2	<b>366.58</b>
931/12003	Política ec. E fiscal. Soldos C1	<b>557.12</b>
931/12004	Política ec. E fiscal. Soldos C2	<b>259.30</b>
931/12006	Política ec. E fiscal. Trienios	<b>170.28</b>
931/12101	Política ec. E fiscal. CE	<b>960.12</b>

#### Medios de financiación do gasto.-

Proponse que a financiación se realice con cargo a ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais por importe de **47.307,28 €**.  
O importe total da modificación proposta ascende **47.307,28€**.

2º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

3º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

#### **5. Aprobación, se procede, da rectificación de erros do acordo de aprobación definitiva da modificación puntual núm. 1 do plan parcial do polígono industrial de Vilar do Colo**

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio do 27.10.2015 por unanimidade:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: rectificación do erros do acordo de aprobación definitiva da modificación puntual núm. 1 do Plan parcial do Polígono industrial de Vilar do Colo.

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 2 de outubro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.-Aprobar definitivamente a modificación puntual núm. 1 do Plan parcial do Polígono industrial de Vilar do Colo

SEGUNDO.-Publicar este acordo no prazo dun mes no DOGA e a normativa e ordenanzas no BOP da Coruña.

TERCEIRO.-Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dándolle traslado de dúas copias autenticadas e dilixenciadas pola secretaría municipal da modificación puntual definitivamente aprobada.”

O documento que se someteu a aprobación definitiva foi o redactado con data marzo de 2015, que integra as modificacións suxeridas por Augas de Galicia recollidas na Decisión do 19 de febreiro de 2015 de non someter a avaliación ambiental estratéxica a citada modificación puntual en el detectáronse os seguintes erros:

-A nova redacción dada ao artigo 65 reitera as condicións de uso no seu apartado primeiro e segundo

-No artigo 66.1 non recolle toda a redacción actual do artigo 66 en canto ás condicións de edificación e volume, o cal non se pretende suprimir, senón só complementar cun novo parágrafo.

Coa finalidade de que non haxa dúbidas en canto á aplicación da modificación e a súa publicación, cómpre efectuar unha rectificación de erros ao amparo do previsto no artigo 105 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, polo que propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.-Rectificar os erros advertidos no acordo de aprobación definitiva da modificación puntual núm. 1 do Plan parcial do Polígono industrial de Vilar do Colo, de forma que a nova redacción dada aos artigos 65 e 66 queda como segue:

**Art. 65.1 EQUIPAMENTO COMERCIAL E SOCIAL. PARÁMETROS URBANÍSTICOS.**

*Condicións da edificación*

- *Recuados* : 10 m a fronte de rúa.  
5 m a resto de lindeiros
- *Ocupación máxima* : 50%

*Condicións de volume*

- *Indice de piso* : 1,5 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> parcela bruta
- *Altura máxima edificación* : 4 plantas, 14 m

**Art. 65.2 EQUIPAMENTO COMERCIAL E SOCIAL. USOS**

*Condicións de uso*

*Uso comercial:*

*Uso principal: estará constituído por locais destinados á exposición e venda de produtos industriais, compra-venda ao por menor de artigos de consumo e o seu almacenamento inmediato, así como aos servizos persoais de todo tipo.*

*Usos complementarios: permitiranse locais destinados ao uso de oficinas, actividades de investigación e desenrolo, servizos de asesoramento técnico e/ou de xestión, axencias de distribución de produtos industriais, centros de informática e de comunicacións, locais relacionados con actividades de hostelería, residencias hoteleiras para un número de prazas calculadas para satisfacer as necesidades do sector e, en xeral, cantas actividades tendan á boa comercialización dos produtos industriais ou comerciais.*

*Uso social:*

*Comprenderá os usos de tipo cultural, relixioso, policía, e de relacións humanas en xeral. En relación non exhaustiva e a maneira de orientación serán usos permitidos os centros de formación profesional e/ou perfeccionamento, usos sociais e de oficinas, actividades sindicais, bancos e similares, actividades de xestión, biblioteca, hemeroteca, dentro dos culturais e as garderías, dispensarios-clínica médicos, farmacia ou centros de día dentro dos asistenciais.*

*Preverase unha praza de aparcamento por cada 100 m<sup>2</sup> de edificación, das que o 2 % serán para minusválidos (ou as que resulten de aplicación en cada momento de normativa obrigatoria específica en materia de accesibilidade para persoas con mobilidade reducida). O computo poderá incluír as prazas dispostas en bandas de aparcamento en viario que linden coa zona de equipamento.*

**Art. 66.1 ZONA INDUSTRIAL. PARÁMETROS URBANÍSTICOS**

*Condicións da edificación e de volume.*

#### INDUSTRIA EN PARCELA NIÑO

- *Tipo de construción: Edificación adosada.*
- *Recuados mínimos:*
  - \* *Frente de rúa : 7 m*
  - \* *Fondo de parcela: 3 m*
  - \* *Laterais : A agrupación de edificios adosados poderá presentar un frente non superior a 150 metros e deixar un recuado lateral de 5 m*
- *Ocupación máxima : 80 %*
- *Índice de piso : 0,9 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> de parcela bruta*
- *Altura máxima : 7 m*

#### INDUSTRIA LIXEIRA

- *Tipo de construción: Edificación pareada ou illada.*
- *Recuados mínimos:*
  - \* *Frente de rúa : 7 m*
  - \* *Fondo de parcela: 3 m*
  - \* *Laterais : 0 / 5 m*
- *Ocupación máxima: 70 %*
- *Índice de piso : 0,75 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> de parcela bruta*
- *Altura máxima : 7 m*

#### INDUSTRIA XERAL

- *Tipo de construción: Edificación illada.*
- *Recuados mínimos:*
  - \* *Frente de rúa : 10 m*
  - \* *Fondo de parcela: 5 m*
  - \* *Laterais : 5 m*
- *Ocupación máxima: 60 %*
- *Índice de piso : 0,65 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> de parcela bruta*
- *Altura máxima : 7 m*

*Con carácter xeral e todos os tipos de parcela:*

#### *Composición de parcelas*

*Dentro das parcelas establécense os seguintes criterios de composición:*

##### *a) Edificios para naves de fabricación e almacenaxe.*

*A superficie a adicar a estos edificios non ten limitación sempre que, en calquera caso, se aseguren as porcentaxes establecidas no apartado b) e seguintes.*

##### *b) Bloques representativos.*

*Comprenden os destinados a despachos, oficinas, salas de recepción, e en xeral, todos os que dependendo administrativamente da industria non se adiquen a procesos de fabricación.*

*A súa superficie construída non superará o 25 % da total. Os bloques representativos terán como máximo 10 m de profundidade no caso de que se*

*encontren adosados a naves ou outros edificios e 15 m no caso de que sexan exentos, con iluminación por ambas bandas.*

c) *Espazos libres para aparcamentos.*

*A superficie libre destinada para os aparcamentos previstos dentro de cada parcela non será inferior ao 10% da súa superficie bruta. Poderá utilizarse para eles a zona de recuados e estarán debidamente sinalizados e pavimentados.*

d) *Construcións accesorias.*

*Son todas as necesarias para o adecuado funcionamento das industrias, tales como depósitos elevados, torres de refrixeración, chimineas, vivenda, etc..*

*O seu emprazamento, forma e volume son libres sempre que estean debidamente xustificadas e respondan a un deseño acertado.*

*A altura das chimineas será como mínimo 1,5.h metros, sendo h a altura do edificio veciño máis alto. A altura de estas construcións accesorias estará sujeta á posible limitación exposta ao tratar de "Edificacións nas parcelas".*

*Composición dos frentes de fachada*

*Os frentes de fachada das parcelas axustaranse nas súas aliñacións ao plano Parcelario, aténdose ás seguintes normas:*

a) *Os Bloques Representativos deberán ubicarse xunto á vía de acceso á parcela, coa súa fachada principal dentro da aliñación establecida.*

*Nas solucións de esquina en que existan recuados laterais e frontais a dúas ou máis rúas considerarase para ambas o recuado maior.*

*Non se admite a construción de Bloques Representativos no interior das parcelas en tanto non se haxa completado a base de eles o frente principal das mesmas, considerando éste como o principal xunto á vía de acceso.*

b) *Se permiten recuados parciais de estos Bloques, cando a base de eles se teña cuberto máis dos 2/3 do frente.*

*O recuado permitido, con respecto aos saintes, será inferior a 5 m e a edificación será continua.*

c) *En calquera caso, a aliñación se materializará co cerramento da parcela.*

d) *Os espazos libres obtidos a causa dos recuados, poderán destinarse a aparcamentos, zona verde ou ambos. O seu coidado e mantemento correrán por conta da Empresa instalada e a Administración do Polígono velará polo exacto cumprimento de esta Ordenanza.*

*Queda prohibido usar os espazos libres indicados no párrafo anterior como depósito de materiais, vertido de desperdicios ou en xeral, todo o que poida danar a estética do Polígono.*

*Edificacións nas parcelas*

a) *Todas es edificacións que se realicen dentro das parcelas estarán obrigadas a gardar os recuados laterais e de fondo de parcela establecidos para cada Categoría e grafiados no plano Parcelario.*

*Os recuados expresados contaránse dende os límites da parcela que se establezan.*



- b) *A altura libre mínima de cada unha das plantas do Bloque Representativo será de 2,50 m.*
- c) *A altura máxima das edificacións de fabricación e almacenaxe será de 7 m, salvo que as necesidades do proceso de produción xustifiquen unha maior altura<sup>1</sup> e os Servizos Técnicos Municipais así o estimen.*

*Sobre a altura máxima sinalada anteriormente para a edificación das parcelas, se admitirán aqueles elementos necesarios para o proceso de fabricación e/ou almacenamento que se xustifiquen debidamente no proxecto.*

*Vinculados aos usos e construcións admisibles no polígono, admítense os seguintes elementos complementarios:*

- *Monolitos, tótems e sinais de identificación e publicidade vencelladas ás empresas ou organismos titulares de actividade (centros comerciais, áreas de servizos, empresas ou organismos significativos, etc.) ou non.*
- *Instalacións de comunicacións e similares.*

#### **Art. 66.2 ZONA INDUSTRIAL. USOS.**

*Con criterio xeral mantense a admisibilidade do uso industrial definido no Art. 28 das Ordenanzas como "establecementos cuxa finalidade é a transformación de primeiras materias ou produtos de calquera clase, ben para o seu consumo inmediato ou ben como preparación para ulteriores transformacións, incluso envasado, transporte e distribución, así como as funcións que complementan a actividade industrial propiamente dita" e os usos compatibles co industrial definidos no Art. 29: "actividades non especificamente industriais, como almacéns, laboratorios, centros informáticos, hipermercados, así como a venda e distribución dos produtos correspondientes incluíndo o uso de vivenda, garaxe-estacionamento, terciario xeral e deportivo nas condicións seguintes.*

*O uso de vivenda ligada á instalación industrial para o personal encargado a vixianza e conservación, de acordo co artigo 52 destas Ordenanzas.*

*O uso de garaxe e estacionamento, ben como complementario ao industrial ou ben sobre parcela exclusiva.*

*O uso de ocio e deportivo en instalacións propias dunha industria e sin fins lucrativos.*

*Ademais do anterior e con obxecto de conquistar unha maior apertura a novos usos e actividades en liña cos criterios actuais de concurrencia e simultaneidade de usos terciarios nas áreas empresarias, admítense usos e actividades xerais do sector servizos e terciarios.*

*En particular, e con carácter non excluínte, as seguintes ou asimiladas:*

- *Usos e actividades asimiladas ao sector terciario como hostelería, hoteis, edificios de oficinas de calquera servizo, deportivos, ocio, sanitarios, comerciais e servizos persoais, venda directa ou por correo/internet, etc.*
- *Servizos públicos e equipamentos de todo tipo e Administración titular (talleres, garaxes, centros de formación, almacéns, "puntos limpos", servizos auxiliares ou adscritos das Administracións, etc.).*

<sup>1</sup> Este requisito xa se interpreta actualmente e por acordo común Fene – Cabanas de maneira flexible á vista de que numerosas actividades, dende fabricación ata almacenamento loxístico de certos produtos, requiren alturas libres que obrigan claramente a alturas de edificio superiores aos 7 m.



- Monolitos, tótems e sinais de identificación e publicidade vencelladas ás empresas titulares de actividade ou de terceiros.
- Instalacións de comunicacións e similares.
- Todas aquelas actividades e instalacións terciarias que a partir da xustificación preliminar que proceda e tras informe favorable dos Servizos Técnicos Municipais e no seu caso admisibles na tramitación ambiental cando proceda por normativa sectorial, a Corporación Municipal considere convintes para un maior desenvolvemento da área empresarial (en relación indicativa e non exhaustiva: tanatorios, gasolineras e áreas-estacións de servizos, lavacoches, estudos discográficos, centros de formación e/ou ensino de calquera tipo e titularidade, empresas de I+D+i, empresas de desenvolvemento informático ou de novas tecnoloxías de calquera sector, empresas de xestión, etc.)”.
- Ao obxecto de adaptarse a novas actividades que poidan xurdir segundo desenvolvemento empresarial e condicións de mercado, os usos terciarios entenderanse cun criterio amplo.

*Explicitamente, a regulación do uso vivenda (unha por parcela) segundo Arts. 53 e 66 das Ordenanzas, cumprirá as seguintes condicións:*

*Tolerarase o uso dunha vivenda por parcela (agás en parcelas de tipo niño) para o personal dependente do sector industrial, nas seguintes condicións:*

- a) *A vivenda someterase á Normativa e condicións aplicables para tal uso (habitabilidade, salubridade, accesibilidade, etc., segundo C.T.E. ou normas sectoriais), independentemente do emprazamento.*
- b) *En calquera caso será imprescindible que a vivenda en zona industrial dispoña de :*
  - *Acceso independente da industria ou actividade principal.*
  - *Illamento e independencia respecto a vibracións, ruidos e demais fontes de perturbación, de forma que resulte garantizada a protección de calquera actividade insalubre, molesta, nociva ou perigosa.*

*Na zona de afección do río Ba establécese a zona de servidumbre (5 m) na que se prohibe toda ocupación e a zona de policía (100 m) na que calquera uso, construción ou actividade, dentro das fixadas con carácter xeral no Plan Parcial estará sujeta á previa autorización ou informe favorable do organismo titular de competencias en materia de augas. A tal efecto, os proxectos que se atopen en tales emprazamentos haberán de incluír na súa tramitación a cartografía axeitada, con detalle de distancias ao cauce, en planta e sección, para verificación das condicións e posición en relación co cauce.*

*De forma expresa a admisibilidade xeral de usos terciarios citados incluírá complementariamente respecto das definicións das Ordenanzas do polígono e no non regulado nas mesmas, en canto a condicións xerais, as recollidos nos Arts. 6.1.3 "Condicións xerais dos usos", 6.1.6 "Definición de usos segundo criterios de regulación territorial", 6.1.8 "Definición de usos segundo criterios de compatibilidade", das N.U. do vixente PXOM/Rev. 98 de Fene e en caso de revisión de éste os que resulten asimilados.*

#### *Artigo 6.1.3.- Condicións xerais dos usos*

*1. Son condicións da regulación dos usos aquelas que definen as condicións que se deben cumprir nos locais, vivendas, edificacións ou parcelas nos que se sitúan os usos. Tamén regulan o réxime xeral de compatibilidade e de substitución de usos nun mesmo ámbito.*

*2. O Plan Xeral regula os usos establecendo as seguintes clases de condicións:*

- a) *Condicións xerais: determinan o réxime xeral urbanístico e a clasificación de usos.*



- b) *Condicións particulares: concretan o réxime dos distintos usos.*
- c) *Condicións de compatibilidade e substitución: establecen as regras de relación entre usos.*

3. *As condicións xerais, particulares e de compatibilidade e substitución de usos, serán aplicables en obras de nova planta, ampliación, reestruturación e en obras interiores a locais, a excepción, neste último caso, da esixencia de prazas de aparcamento.*

4. *As condicións xerais e particulares de uso son complementarias á Normativa Específica, estatal, autonómica ou local, aplicable ás distintas actividades. En caso de discrepancia ou contradición entre a Normativa Urbanística e a sectorial vixente, se primará:*

- a) *A sectorial, si houberse contradición.*
- b) *A máis restrictiva, si houberse discrepancia non contraditoria.*

5. *As condicións xerais, particulares e de compatibilidade e substitución de usos son complementarias coas xerais de edificación e coa regulación normativa das distintas zonas de solo, polo que a implantación de novos usos ou actividades, ou a adecuación dos existentes, deberá satisfacer o conxunto das determinacións establecidas nas Normas.*

#### *Artigo 6.1.6.- Definición de usos segundos criterios de regulación territorial*

*Segundos criterios de regulación territorial, e en función das determinacións da normativa de cada zona de solo, os usos poden ser:*

- a. *Prioritarios: Son os usos que se consideran preferibles nunha determinada zona ou ámbito de solo. Son os que sirven para definir o uso característico en dita zona ou ámbito.*
- b. *Permisibles (compatibles): Outros usos que, en determinados supostos ou baixo certas condicións, tamén poden permitirse nunha determinada zona ou ámbito.*
- c. *Prohibidos: Usos non autorizables nunha determinada zona ou ámbito.*

#### *Artigo 6.1.8.- Definición de usos segundos criterios de compatibilidade*

*Segundos criterios de compatibilidade, e en función das determinacións da normativa de cada zona de solo, os usos se subdividen en:*

- a. *Principal: o asignado polo planeamento con carácter prioritario aos edificios ou parcelas. Cando nun edificio ou parcela existan varios usos, se considera principal o que ocupa a maior superficie construída.*
- b. *Complementario: o que debe acompañar a outro uso, porque así o esixan as determinacións do planeamento, a Normativa sectorial ou a funcionalidade do uso.*
- c. *Compatible: o que o Plan autoriza como alternativa a, ou en coexistencia co, uso pormenorizado do ámbito ou o principal do edificio ou da parcela.*
- d. *Prohibido: aquel cuxa implantación non está permitida polo planeamento ou polas disposicións en materia de actividades molestas, nocivas, insalubres ou perigosas.*

*De forma complementaria á regulación contida nas Ordenanzas específicas do P.P., no relativo a usos e actividades admisibles asimilados aos previstos nas Normas Urbanísticas do PXOM/Rev. 98 resultarán de aplicación os arts. 6.3.1 "Usos individualizados de actividades produtivas"; 6.3.10 "Condicións dos usos de industrial-almacenaxe"; 6.3.11 "Condicións dos usos de servizos e afíns"; 6.3.12 "Condicións dos usos de oficinas e despachos"; 6.3.13 "Condicións dos usos comerciais e de reunión"; 6.5.2 "Uso individualizado deportivo"; 6.5.3 "Uso individualizado educativo"; 6.5.4 "Usos individualizados de interese público e social"; 6.8.1 "Usos individualizados relacionados co automóvil"; 6.8.2 "Condicións xerais do uso de aparcamento"; 6.8.3 "Condicións do aparcamento en superficie"; 6.8.4 "Condicións*

comúns dos usos de aparcamento nos edificios e de garaxe"; 6.8.5 "Condicións dos aparcamentos nos edificios"; 6.8.6.- Condicións dos garaxes; 6.8.7 "Condicións comúns dos usos de gasoleiras e estacións de servizo"; 6.8.8 "Condicións do uso de gasoleira" e 6.8.9 "Condicións do uso de estación de servizo" das mesmas que se reproducen no que resulta de aplicación.

*Artigo 6.3.1.- Usos individualizados de actividades produtivas*

*1. A efectos da presente Normativa se denominan usos de actividades produtivas todos os destinados á produción de bens ou servizos, por calquera tipo de persoa física ou xurídica, excepción feita dos Usos Públicos, os Usos Residenciais e os Usos relacionados con Actividades propias do Solo Rústico.*

*2. Se subdividen en catro grupos de usos individualizados*

- a Industrial-almacenaxe.*
- b Servizos e afíns.*
- c Oficinas e despachos.*
- d Comercio-reunión.*

*3. A Área de Planeamento Incorporado correspondiente ao Polígono Industrial de "Vilar do Colo", mantén a súa propia definición e clasificación de usos, tendo os presentes contidos da Normativa do Plan Xeral exclusivamente un carácter complementario.*

*Artigo 6.3.10.- Condicións dos usos de industrial-almacenaxe.*

*1. Corresponden a actividades produtivas de industria-almacenaxe, a recepción, almacenaxe ou transformación de materias primas ou semielaboradas, fabricación, envasado, almacenamento, continxentación, distribución, transporte e/ou exposición-comercialización a empresa ou maiorista.*

*2. A efectos de implantación diferéncianse dous tipos*

- a) Talleres domésticos: locais nos que se desempeñan actividades produtivas compatibles con vivenda, coa que compartirán acceso, que constitúen anexo ou parte da mesma e non exceden do 40% da superficie útil total do conxunto.*
- b) Instalacións industriais: edificios, espazos ou locais, que non constitúen anexo de vivenda, destinados ás actividades produtivas nas que predominen as de industria-almacenaxe.*

*3. Os edificios, locais e instalacións, destinados a estos usos, deberán garantir o cumprimento das condicións de seguridade fronte a incendios, así como as de seguridade laboral, impacto medio-ambiental, distancias e outras que lles sexan aplicable en función da actividade específica de que se trate.*

*4. Salvo no caso de talleres compatibles co uso de vivenda, desenrolados como anexo ou parte da mesma, a implantación do edificio na parcela ou terreo:*

- a Terá o seu acceso dende viario ou espazo libre público, ou dende viario privado de uso comunitario ou colectivo directamente accesible dende él.*
- b Permitirá o acceso de vehículos de emerxencia mediante paso libre, pavimentado e transitable.*
- c Fará posible a rápida evacuación de persoas e a retirada ou illamento de materiais inflamables ou perigosos.*

*5. En plantas baixo rasante só poderán instalarse locais que alberguen usos de industria-almacenaxe si se cumpren todas as condicións seguintes, con prevalencia das xerais establecidas nas Ordenanzas do polígono de "Vilar do Colo" e das requeridas por razóns de habitabilidade, seguridade e accesibilidade segundas normas específicas:*



- a *Tratarse de semisoto, ou de primeiro soto, si no houbera semisoto.*
- b *Estar vinculados a un local en planta baixa, que terá unha superficie alomenos igual ao tercio da superficie total, (suma das superficies situadas en planta baixa, semisoto e/ou soto no seu caso).*
- c *Ter unha superficie de contacto co local de planta baixa de, alomenos, 20 m<sup>2</sup> ou de 0,50 m<sup>2</sup> por cada 50 m<sup>2</sup> si esto fose maior.*

6. *En planta baixa, a implantación dos usos de industria-almacenaxe, requerirá a concurrencia de algunha das seguintes circunstancias:*

- a *Que todo o edificio estea destinado a actividades produtivas e/ou aparcamento, garaxe ou estación de servizo.*
- b *Que a súa compatibilidade cos usos dominantes residenciais ou non produtivos estea recollida na norma zonal que corresponda, sempre e cando ditas actividades cumplan as condicións que se enumeran:*
  - *Carecer de perigosidade.*
  - *Non xenerar molestias para os usos colindantes (producción de cheiros, gases, pó, ruído, vibracións, etc.).*
  - *Utilizar máquinas ou motores de potencia inferior a 5 kw cada un, e dispor dunha potencia total inferior a 25 kw.*
  - *Utilizar unha superficie, de planta baixa, inferior a 150 m<sup>2</sup>, por unidade funcional independente.*
  - *Dispor de acceso dende viario ou espazos libres públicos, ou dende viario privado de uso comunitario ou colectivo directamente accesible dende él.*

7. *En entreplanta, a implantación dos usos de industria-almacenaxe requerirá a concurrencia de algunha das seguintes circunstancias:*

- a *Que todo o edificio estea destinado a actividades produtivas e/ou aparcamento, garaxe ou estación de servizo.*
- b *Que a súa compatibilidade cos usos dominantes residenciais ou non produtivos estea recollida na norma zonal que corresponda, sempre e cando ditas actividades cumplan as condicións que se enumeran:*
  - *Carecer de perigosidade.*
  - *Non xenerar molestias para os usos colindantes (producción de cheiros, gases, pó, ruído, vibracións, etc.).*
  - *Utilizar máquinas ou motores de potencia inferior a 5 kw cada un, e dispor dunha potencia total inferior a 25 kw.*
  - *Estean vinculados a un local de planta baixa con que terán unha superficie de contacto de, alomenos, 20 m<sup>2</sup>.*
  - *Utilizar unha superficie, de planta baixa, inferior a 150 m<sup>2</sup>, por unidade funcional independente, sumando todas as instalacións de dita actividade.*

8. *En plantas de piso só poderán instalarse usos de industria-almacenaxe cando concurra algunha das seguintes circunstancias:*

- a *Que todo o edificio estea destinado a actividades produtivas e/ou aparcamento, garaxe ou estación de servizo.*

*b Que a súa compatibilidade cos usos dominantes estea recollida na norma zonal que corresponda, sempre e cando ditas actividades cumplan as condicións que se enumeran:*

- Carecer de perigosidade.*
- Non xenerar molestias para os usos colindantes (produción de cheiros, gases, pó, ruído, vibracións, etc.).*
- Utilizar máquinas ou motores de potencia inferior a 5 kw cada un, e dispor dunha potencia total inferior a 25 kw.*
- Se dispoñan en primeira planta, contén con accesos independentes dos demais usos, e estean vinculados a un local de planta baixa con que terán unha superficie de contacto de, alomenos, 20 m<sup>2</sup>.*
- Utilizar unha superficie, de planta baixa, inferior a 150 m<sup>2</sup>, por unidade funcional independente, sumando todas as instalacións de dita actividade.*

*9. Os corredores ou pasillos de evacuación, así como as escaleiras cumprirán os seguintes largos mínimos, en función da superficie do local a que sirvan.*

- a 1,10 m, mínimo*
- b 1,30 m, a partir de 1.000 m<sup>2</sup>.*
- c 1,50 m, a partir de 2.000 m<sup>2</sup>.*

*10. Si houbese máis dunha escaleira, a efectos de cómputo se dividirá a superficie polo número de escaleiras.*

*11. Os aseos estarán integrados por inodoro e lavabo, dispoñéndose ademais cabinas de ducha cando as características da instalación e da actividade o requiran. Nos edificios compartimentados de industria niño, as instalacións sanitarias poderán servir a distintos locais. A dotación sanitaria se desdoblará por sexos e se establecerá en función das características da actividade, tomando como referencia o maior dos seguintes estándares:*

- a Dous aseos cada vinte usuarios ou fracción superior a 10.*
- b Dous aseos cada 500 m<sup>2</sup> de superficie construída.*
- c O regulado pola Normativa sectorial ou a laboral aplicable, si a houbera.*

*12. A altura útil dos locais en edificios de uso exclusivo produtivo, non superará os 5,50 m., salvo que expresamente o autoricen as normas zonais ou salvo que necesidades expresadas e xustificadas, derivadas do proceso produtivo, fagan necesaria maior altura.*

*13. A altura libre de locais destinados a usos industrial-almacenaxe en edificios de uso dominante residencial, non superará os 4 m.*

*14. A altura libre mínima dos locais será de 3,00 m.; a súa altura útil mínima será de 2,70 m e poderá ocupar ata un máximo do 25% da superficie útil do local.*

*15. Os locais contarán con ventilación natural ou forzada que garante entre 6 e 10 renovacións/hora, cunha aportación de aire renovado entre 60 e 100 m<sup>3</sup>/persoa.hora, segundo tipo de actividade.*

*16. En edificios ou instalacións de ata 1.000 m<sup>2</sup> e como referente para os demais casos, a dotación de prazas de aparcamento segunda superficie construída será:*

- a Industria:*

- Automóviles, vehículos lixeiros: unha cada 100 m<sup>2</sup> ou fracción superior a 50 m<sup>2</sup>.
- Camións, vehículos pesados: unha cada 500 m<sup>2</sup> ou fracción superior a 200 m<sup>2</sup>.
- Carga e descarga unha cada 1.000 m<sup>2</sup> ou fracción superior a 400 m<sup>2</sup>

b Almacenaxe:

- Automóviles, vehículos lixeiros: unha cada 250 m<sup>2</sup> ou fracción superior a 100 m<sup>2</sup>.
- Camións, vehículos pesados: unha cada 500 m<sup>2</sup> ou fracción superior a 200 m<sup>2</sup>.
- Carga e descarga unha cada 500 m<sup>2</sup> ou fracción superior a 200 m<sup>2</sup>.

17. A partir de 500 m<sup>2</sup> de superficie total construída para usos industrial-almacenaxe, as necesidades de espazo para carga e descarga deberán resolverse no propio edificio, parcela ou terreo.

18. Os proxectos para obtención de licenza de obras, para máis de 1.000 m<sup>2</sup> construídos, incluírán expresamente o cálculo e xustificación de prazas de aparcamento e de espazo para carga e descarga en función das características da actividade, do emprego e do tráfico xenerados.

19. O aparcamento e a carga e descarga deberán resolverse no edificio, parcela ou terreo en que se dese a actuación. No suposto de que esta condición fose de imposible cumprimento en todo ou en parte, respecto da dotación de aparcamentos, poderá proveerse noutra parcela ou terreo situado a menos de 300 metros do deficitario, sempre que con elo non se merme a dotación obrigatoria da parcela ou terreo en que se ubiquen.

20. Se consideran usos complementarios os de:

- a Aparcamento ao servizo da actividade.
- b Infraestruturas en situación de planta baixa ou inferiores.

21. Se consideran usos compatibles os de:

- a Oficinas directamente relacionadas coa actividade dominante.
- b Vivenda para encargados de vixilancia e/ou custodia, en función da superficie total construída, ata un máximo de: unha vivenda por establecemento de menos de 2.000 m<sup>2</sup>, dous por establecementos de 2.000 m<sup>2</sup> a 5.000 m<sup>2</sup> e catro por establecementos de máis de 5.000 m<sup>2</sup>.

Artigo 6.3.11.- Condicións dos usos de servizos e afíns.

1. Corresponden a actividades produtivas de servizos e afíns as relacionadas co mantemento, custodia e reparación de bens e os talleres compatibles co uso de vivenda

2. Os edificios e locais destinados a estos usos deberán garantir o cumprimento das condicións de seguridade fronte a incendios, así como as de seguridade laboral, impacto medio-ambiental, distancias e outras que lles sexan aplicable en función da actividade específica de que se trate.

3. Salvo no caso de talleres compatibles co uso de vivenda, desenrolados como anexo ou parte da mesma, a implantación do edificio na parcela ou terreo:

- a Terá o seu acceso dende viario ou espazo libre público, ou dende viario privado ou espazo libre de edificación de uso comunitario ou colectivo directamente accesible dende eles.
- b Permitirá o acceso de vehículos de emerxencia mediante paso libre, pavimentado e transitable, que cumpla as condicións mínimas do uso básico de viario privado.
- c Fará posible a rápida evacuación de persoas e a retirada ou illamento de materiais inflamables ou perigosos.

4. En plantas baixo rasante só poderán instalarse locais que alberguen usos de servizos e afíns si se cumpren as condicións seguintes:

- a *Tratarse de semisoto, ou de primeiro soto se non houbera semisoto.*
- b *Estar vinculados a un local en planta baixa.*
- c *Ter unha superficie de contacto co local de planta baixa de, alomenos, 10 m<sup>2</sup> ou de 2 m<sup>2</sup> por cada 50 m<sup>2</sup> si esto fose maior.*
- d *Ter no local vinculado de planta baixa alomenos un tercio da superficie total, suma das situadas en planta baixa, semisoto ou soto no seu caso.*

5. En planta baixa, a implantación dos usos de servizos e afíns, requerirá a concurrencia de algunha das seguintes circunstancias:

- a *Que todo o edificio estea destinado a actividades produtivas e/ou aparcamento, garaxe ou estación de servizo.*
- b *Que a súa compatibilidade cos usos dominantes estea recollida na norma zonal que corresponda, sempre e cando ditas actividades cumpplan as condicións que se enumeran:*
  - *Carecer de perigosidade.*
  - *Non xenerar molestias para os usos colindantes (producción de cheiros, gases, pó, ruído, vibracións, etc.).*
  - *Utilizar máquinas ou motores de potencia inferior a 5 kw cada un, e dispoñer dunha potencia total inferior a 25 kw.*
  - *Utilizar unha superficie de planta baixa inferior a 500 m<sup>2</sup>, por unidade funcional independente.*
  - *Dispoñer de acceso dende viario ou espazos libres públicos, ou dende viario privado de uso comunitario ou colectivo directamente accesible dende él.*

6. En entreplanta e plantas de piso, só poderán instalarse usos de servizos e afíns cando concurra algunha das seguintes circunstancias:

- a *Que todo o edificio estea destinado a actividades produtivas e/ou aparcamento, garaxe ou estación de servizo.*
- b *Que a súa compatibilidade cos usos dominantes estea recollida na norma zonal que corresponda, sempre e cando ditas actividades cumpplan as condicións que se enumeran:*
  - *Carecer de perigosidade.*
  - *Non xenerar molestias para os usos colindantes (producción de cheiros, gases, pó, ruído, vibracións, etc.).*
  - *Utilizar máquinas ou motores de potencia inferior a 5 kw cada un, e dispoñer dunha potencia total inferior a 25 kw.*
  - *Se dispoñan en entreplanta e planta primeira, contén con accesos independentes dos demais usos, ou estean vinculados a un local de planta baixa, co que terán unha superficie de contacto de, alomenos, 10 m<sup>2</sup>.*
  - *Utilizar unha superficie a 250 m<sup>2</sup>, sumando todas as instalacións de dicta actividade.*

7. Os corredores ou pasillos de evacuación, así como as escaleiras cumprirán os seguintes largos mínimos, en función da superficie do local a que sirvan.



- a 1,10 m, mínimo
- b 1,30 m, a partir de 1.000 m<sup>2</sup>
- c 1,50 m, a partir de 2.000 m<sup>2</sup>

8. Si houberse máis dunha escaleira, a efectos de cómputo se dividirá a superficie polo número de escaleiras

9. Os aseos estarán integrados por inodoro e lavabo, dispoñéndose ademais cabinas de ducha cando as características da instalación e da actividade o requieran. A dotación sanitaria se desdoblará por sexos e se establecerá en función das características da actividade, tomando como referencia o maior dos seguintes estándares:

- a Dous aseos cada vinte usuarios ou fracción superior a 10.
- b Dous aseos cada 500 m<sup>2</sup> de superficie construída.
- c O regulado pola Normativa sectorial ou a laboral aplicable, si a houbera.

10. A altura libre dos locais en edificios de uso exclusivo produtivo, non superará os 5,50 m, salvo que expresamente o autoricen as normas zonais ou salvo que necesidades expresadas e xustificadas, derivadas do proceso produtivo, fagan necesaria maior altura.

11. A altura libre de locais destinados a usos de servizos e afíns en edificios de uso dominante residencial, non superará os 4 m.

12. A altura libre mínima dos locais será de 3,00 m.; a súa altura útil mínima será de 2,70 m e poderá ocupar ata un máximo do 25% da superficie útil do local.

13. Os locais contarán con ventilación natural ou forzada que garante entre 6 e 10 renovacións/hora, cunha aportación de aire renovado entre 60 e 100 m<sup>3</sup>/persoa.h, segundo tipo de actividade.

14. En edificios ou instalacións de ata 1.000 m<sup>2</sup> a dotación de prazas de aparcamento segunda superficie construída será:

- Automóviles, vehículos lixeiros: unha cada 100 m<sup>2</sup> ou fracción superior a 50m<sup>2</sup>.
- Camións, vehículos pesados: unha cada 500 m<sup>2</sup> ou fracción superior a 200m<sup>2</sup>.
- Carga e descarga unha cada 500 m<sup>2</sup> ou fracción superior a 200 m<sup>2</sup>.

15. A partir de 500 m<sup>2</sup> de superficie total construída para usos de servizos e afíns, as necesidades de espazo para carga e descarga deberán resolverse no propio edificio, parcela ou terreo.

16. Os proxectos para obtención de licenza de obras, para máis de 1.000 m<sup>2</sup> construídos, incluírán expresamente o cálculo e xustificación de prazas de aparcamento e de espazo para carga e descarga en función das características da actividade, do emprego e do tráfico xenerados.

17. O aparcamento e a carga e descarga deberán resolverse no edificio, parcela ou terreo en que se dese a actuación. No suposto de que esta condición fose de imposible cumprimento en todo ou en parte, respecto da dotación de aparcamentos, poderá proveerse noutra parcela ou terreo situado a menos de 300 metros do deficitario, sempre que con ello non se merme a dotación obrigatoria da parcela ou terreo en que se ubiquen.

18. Se consideran usos complementarios os de:

- a Aparcamento ao servizo da actividade.
- b Infraestruturas en situación de planta baixa ou inferiores.

*Se consideran usos compatibles os de:*

- a Oficinas directamente relacionadas coa actividade dominante.*
- b Vivenda para encargados de vixiancia e/ou custodia, en función da superficie total construída, ata un máximo de: unha por establecemento de menos de 2.000 m<sup>2</sup>, dúas por establecementos de 2.000 m<sup>2</sup> ou máis.*

*Artigo 6.3.12.- Condicións dos usos de oficinas e despachos*

*1. Corresponden a todas as actividades de prestación de servizos ás empresas e as persoas, que se desempeñan en oficinas e locais, excluindo os de natureza comercial minorista, hostelería, restauración e reunión. Se exclúen igualmente as tratadas en establecemento hoteleiro.*

*2. A efectos de implantación se diferencian dous tipos:*

- a Despachos: locais nos que se desempeñan actividades profesionais ou artísticas compatibles con vivenda coa que compartirán acceso; que constitúen anexo ou parte da mesma e non exceden do 40% da superficie útil total do conxunto.*
- b Oficinas: os espazos ou locais, que non constitúen anexo de vivenda, destinados ás actividades terciarias nas que predominen as administrativas ou burocráticas, de carácter público ou privado.*

*3. En edificios de uso dominante residencial poderán instalarse oficinas en situación terceira e/ou en planta baixa ou primeira; non haberá limitación en canto á implantación de despachos.*

*4. Cada oficina independente terá unha superficie non inferior a 20 m<sup>2</sup> útiles.*

*5. Os pasillos e escaleiras interiores aos locais cumprirán os seguintes largos mínimos, en función da área servida:*

- a 0,90 metros ata 250 m<sup>2</sup>.*
- b 0,20 metros máis por cada 250 m<sup>2</sup> adicionais ou fracción superior a 100 m<sup>2</sup>.*

*6. A dotación sanitaria, individual ou compartida, se desdoblará por sexos a partir de dous aseos, e se establecerá en función do total da superficie ocupada atendida tomando como referencia o maior dos seguintes estándares:*

- a Un aseo (lavabo e inodoro) polos primeiros 100 m<sup>2</sup> e un máis por cada 200 m<sup>2</sup> ou fracción superior a 50 m<sup>2</sup>.*
- b O regulado pola Normativa sectorial ou laboral aplicable si a houbera.*

*7. En edificios de uso exclusivo, a altura libre mínima será de 3,00 m. A altura útil mínima será de 2,50 m, ata o 25% da súa superficie útil.*

*8. Os requisitos de prazas de aparcamento e de carga e descarga serán como mínimo os fijados neste artigo, ou os maiores que requirise a Normativa sectorial aplicable si a houbera.*

- a Prazas de aparcamento: unha cada 50 m<sup>2</sup> ou fracción superior a 25 m<sup>2</sup>.*
- b Prazas de carga e descarga: unha cada 2.000 m<sup>2</sup> ou fracción superior a 1.000 m<sup>2</sup>.*

*9. O aparcamento deberá resolverse no edificio, parcela ou terreo en que se dise a actuación. No suposto de que está condición fose de imposible cumprimento en todo ou en parte, as prazas non atendidas deberán proveerse noutra parcela ou terreo situado a menos de 300 metros do deficitario.*

*10. Se consideran usos complementarios os de:*



- a *Aparcamento ao servizo da actividade.*
- b *Intraestruturas en situación de planta baixa ou inferiores.*

*Artigo 6.3.13.- Condicións dos usos comerciais e de reunión*

*1. Corresponden ás actividades do comercio ao pormenor e ás de restauración, hostelería e/ou reunión cuxo desempeño supón o acceso directo do público para a percepción do servizo e/ou a adquisición dos bens comercializados.*

*2. En edificio de uso dominante residencial poderán instalarse locais comerciais unicamente en situación terceira.*

*3. Ningún local poderá ter acceso directo dende vivendas ou apartamentos, ou servirles de acceso único e/ou directo.*

*4. Ningún local poderá ter unha superficie útil menor de 25 m<sup>2</sup>. Alomenos o 80% da superficie útil será destinado á atención ao público.*

*5. Nos locais de superficie inferior a 250 m<sup>2</sup>, todos os percorridos utilizados polo público terán unha largura mínima de 1 m salvándose os desniveis mediante ramplas ou escaleiras cunha largura igual que o resto dos percorridos.*

*6. Nos locais de superficie superior a 250 m<sup>2</sup>, as circulacións terán unha largura mínima de 1,40 m, salvándose os desniveis mediante ramplas ou escaleiras cunha largura igual que o resto dos percorridos.*

*7. En edificios de uso exclusivo, a altura libre mínima será 3,00 m e a útil 2,50 m, ata o 25% da súa superficie útil.*

*8. A dotación sanitaria, se desdoblará por sexos a partir de dous aseos e cumprirá os seguintes mínimos:*

- a *Un aseo (lavabo e inodoro) polos primeiros 100 m<sup>2</sup> e un máis por cada 100 m<sup>2</sup> ou fracción superior a 25 m<sup>2</sup>.*
- b *O regulado pola Normativa sectorial aplicable si a houbera.*

*9. Cando a superficie de venda ou acceso público alcance os 500 m<sup>2</sup>, e sempre que se trate de edificios de uso exclusivo, se disporá dentro do local, de unha dársena de carga e descarga con altura útil mínima de 3,40 m. que se aumentará nunha unidade por cada 1.000 m<sup>2</sup> máis de superficie de venda.*

*10. Os locais comerciais que se agrupen formando pasaxes, galerías de centros comerciais ou similares cumprirán as seguintes condicións:*

- a *Os pasos sobre os que recaian accesos a locais terán un largo  $\geq 3$  m.*
- b *As escaleiras e accesos á agrupación comercial contarán cando menos con dous accesos peonís dende a vía pública, de largura  $\geq 4,00$  m e situados en puntos alonxados.*
- c *Poderán agruparse e resolverse de forma conxunta a dotación de servizos sanitarios, instalacións e carga e descarga.*

*11. A implantación de agrupacións ou superficies comerciais, con superficie de venda superior a 2.000 m<sup>2</sup>, deberá incluír na solicitude de licenza un estudo que analice o impacto que poidan producir sobre a rede viaria e a estrutura comercial da zona. As de máis de 5.000 m<sup>2</sup> de superficie de venda, requirirán un estudo que defina o seu ámbito de influencia e impacto de tráfico e comercial sobre o mesmo, salvo que a súa implantación fora prevista polo Plan Xeral, ou mediante Plan Especial ou Sectorial que o desenrole, e todo elo sin prexuízo do que resulte da normativa de aplicación en canto ao réxime de usos comerciais e de apertura de actividades.*

12. Os requisitos de prazas de aparcamento e carga e descarga serán os maiores que resulten de:
- Os estudos a que fai referencia o punto 11 precedente, cun mínimo de unha praza cada 25 m<sup>2</sup> de superficie construída ou fracción superior a 15 m<sup>2</sup>.
  - Os que resulten da Normativa sectorial aplicable.
  - Unha praza por cada 100 m<sup>2</sup> de superficie construída ou fracción superior a 50 m<sup>2</sup> ou cada 50 espectadores ou clientes potenciais simultáneos ou fracción superior a 25 no caso de locais de reunión ou espectáculo.
13. As prazas de aparcamento deberán atenderse no mesmo edificio, parcela ou terreo da actuación. No suposto de que esta condición fose de imposible cumprimento en todo ou en parte as prazas non cubertas deberán proveerse noutra parcela ou terreo situado a menos de 300 metros do deficitario, sempre que con elo non se merme a dotación obrigatoria da parcela ou terreo en que se ubiquen.
14. Se consideran usos complementarios os de:
- Aparcamento ao servizo da actividade.
  - Infraestruturas en situación de planta baixa ou inferiores.
15. Se consideran usos compatibles os de:
- Oficinas directamente relacionadas co uso dominante.
  - Almacenaxe ao servizo da actividade comercial.
16. Os locais de hostelería e/ou reunión, deberán dispoñer de vestíbulos de independencia en todos os seus accesos, con dispositivo de peche automático de ambas portas, e unha superficie mínima de 4 m<sup>2</sup>.
17. As plantas destinadas a locais comerciais deberán dispoñer de condutos de ventilación vertical con sección de un metro cadrado por cada douscentos metros cadrados útiles; non poderán segregarse locais que non dispoñan de ditos condutos.

#### Artigo 6.5.2.- Uso individualizado deportivo

Comprende os espazos, instalacións e/ou edificación destinados á práctica do deporte, xa sexan as instalacións deportivas ao aire libre, como as instalacións deportivas cubertas.

#### Artigo 6.5.3.- Uso individualizado educativo

Comprenden as actividades docentes correspondentes aos distintos ciclos definidos pola lexislación vixente.

#### Artigo 6.5.4.- Usos individualizados de interese público e social

Comprende os destinados aos seguintes grupos de usos básicos:

- Sanitario:** actividades destinadas á orientación, prevención e prestación de servizos médicos ou veterinarios, así como as actividades complementarias da principal. Non se consideran incluídos neste uso as farmacias nin os despachos profesionais particulares de saúde alleos a centros médicos.
- Asistencial:** actividades encamiñadas a fins benéficos e asistenciais, que informan ou prestan servizos a determinados sectores sociais ou grupos de idade. Se inclúen nesta categoría os centros de acollida de persoas maltratadas, centros de día para ancianos, de rehabilitación de drogodependentes e instalacións similares.
- Cultural:** actividades culturais, de exposición, biblioteca, lectura, conferencias e afíns.





4. *Social: comprende as actividades asociativas e de relación tales como sedes de asociacións empresariais, gremiais, veciñais, sindicatos, partidos políticos, clubs, etc.*
5. *Servizos: os mercados e centros de comercio básicos de propiedade ou xestión municipal, os servizos de extinción de incendios, de protección civil e análogos.*
6. *Administración: comprende as sedes e actividades vinculadas cos servizos da Administración Central, Autonómica ou Local non incluídos dentro de outro uso pormenorizado; de equipamento, así como os servizos de defensa, policía e afíns.*

*Artigo 6.8.1.- Usos individualizados relacionados co automóvil.*

1. *O presente capítulo regula as condicións xerais de diversos usos relacionados co automóvil.*
  - a *Aparcamento en superficie.*
  - b *Aparcamento nos edificios.*
  - c *Garaxes.*
  - d *Gasolineiras e estacións de servizo.*
2. *Se define como aparcamento en superficie, a área fora da calzada das vías, destinada especificamente a estacionamento de vehículos.*
3. *Se entende por aparcamento nos edificios, o espazo construído destinado en exclusiva á garda de vehículos relacionados coas necesidades de aparcamento, obrigatorio ou permitido, xeneradas polas actividades realizadas no mesmo.*
4. *Se entende por garaxe a superficie construída adicada á garda de vehículos, como servizo independente de, e/ou en prazas de aparcamento adicionais ás obrigatorias ou permitidas en función das outras actividades que puideran darse no edificio, parcela ou terreo.*
5. *Se entende por gasoleira o conxunto de depósitos e instalacións mecánicas e/ou de distribución precisas para o abastecimento e/ou venda de combustible ou enerxía de calquera tipo para vehículos a motor; e por estación de servizo ás instalacións que, ademais de servizo de gasoleira, dispoñen de superficie construída adicional destinada a funcións de cafetería, restauración, comercio ou taller, aspirado-lavado de vehículos e outras complementarias relacionadas.*

*Artigo 6.8.2.- Condicións xerais do uso de aparcamento.*

1. *As prazas de estacionamento cumprirán as seguintes dimensións, características e proporcionalidade,*
  - a *Normal 2,20 × 4,50 metros.*
  - b *Grande 2,50 × 5,00 metros; una cada sete prazas normais ou fracción superior a 3.*
  - c *Especiais, para minusválidos, 3,50 × 5,00, na proporción establecida pola normativa sectorial de accesibilidade.*
  - d *Motos: 1,25 × 2,50, libre, non conta a efectos do cumprimento de estándares de aparcamento.*
  - e *Praza de vehículos de transporte lixeiro: 2,50 × 6,00.*
  - f *Praza de camiós: 4,00 × 12,00.*
  - g *Praza de vehículos especiais: segundas características dos mesmos.*
2. *Cando da aplicación das determinacións mínimas expresadas en m<sup>2</sup> de aparcamento resulte un número fraccionario de prazas, a fracción ≤ 1/2 se poderá descontar. Toda fracción superior a 1/2 se computará como un espazo máis de aparcamento.*

3. *As dimensións mínimas de prazas de aparcamento, expresadas en metros, determinan unha superficie rectangular de solo libre, con exclusión, polo tanto, dos accesos, isletas, ramplas e áreas de manobra.*

4. *Os espazos de estacionamento esixidos por estas Normas deberán agruparse en Areas de Planeamento Específico sin producir excesivas concentracións que dean lugar a beleiros urbanos, ni a excesivas distancias ás edificacións e instalacións.*

5. *Todo espazo de estacionamento deberá abrirse directamente á calzada das vías urbanas mediante unha conexión cuxo deseño garantice suficiente seguridade principalmente para os peóns, e sexa eficaz na súa forma de dar acceso e saída aos vehículos, coherentemente cos movementos de tráfico.*

6. *Os espazos abertos destinados a aparcamento haberán de integrarse na paisaxe urbana propia da zona donde se localizan. A estos efectos se disporán plantacións de arbolado, xardiñería, taludes, mobiliario urbano ou outros elementos que aseguren esta integración.*

*Nas áreas de aparcamento se prohíbe todo tipo de actividade relacionada coa reparación de automóbiles.*

8. *Os espazos destinados a aparcamento terán unha altura útil mínima de 2,20 m. No seu exterior se indicará a altura máxima admisible dos vehículos que haxan de entrar.*

#### *Artigo 6.8.3.- Condicións do aparcamento en superficie*

1. *As prazas e pasillos de circulación en áreas de aparcamento separadas do viario, cumprirán os seguintes requisitos*

- a Se diferenciará o acceso e a saída, cun largo mínimo de 3,00 metros cada un.*
- b Disporase de alomenos un acceso peonil diferenciado, de dimensión mínima 1,20 metros.*
- c Eliminaranse as barreiras arquitectónicas que dificulten o seu uso por persoas con mobilidade reducida.*
- d Pendente máxima 6%, salvo en áreas de circulación, en que poderá chegar ao 10%.*
- e A largura mínima das rúas de circulación será:
  - 4 m en rúas de sentido único que dean acceso, exclusivamente, a prazas de aparcamento en liña.*
  - 5 m en rúas de sentido único que dean acceso a prazas de aparcamento oblicuas ou en batería.*
  - 6 m en rúas de dobre sentido de circulación, con ou sin acceso a prazas de aparcamento.**
- f Iluminación artificial que asegure un nivel mínimo de 7 lux.*
- g Axardiñamento de alomenos 1,25 m<sup>2</sup> por praza*
- h Separación perimetral, axardiñada de alomenos 1,50 metros de largura, salvo que se sitúen xunto a lindeiros con edificación medianeira.*

#### *Artigo 6.8.4.- Condicións comúns dos usos de aparcamento nos edificios e de garaxe*

1. *Os accesos situaranse de forma que se garantice unha correcta visibilidade hacia e dende a vía pública.*

2. *Non caberá realizar accesos en rúas cuxa distancia entre aliñacións enfrontadas sexa inferior a 6.00 m.*

3. *Nas interseccións de rúas non poderán realizarse entradas a menos de 5 m. da esquina, medidos na aliñación exterior de mazá.*
4. *Os accesos non interferirán con paradas de transporte público ou outros puntos de concentración de peóns.*
5. *Os accesos situaranse, a ser posible, de tal forma que no se destrúa o arbolado existente. En consecuencia, procurará emprazar os vaos preservando os alcorques correspondientes.*
6. *A superficie destinada a prazas non poderá estar ocupada por ningún outro elemento construído estrutural ou de outro tipo.*
7. *As prazas situadas xunto a muros ou elementos análogos manterán unha largura mínima de alomenos 240 cm.*
8. *Ainda cando cumplan as condicións dimensionais no se considerará praza calquera espazo que: careza de fácil acceso; requira manobras de difícil realización; ou, interfira na súa manobra coas ramplas de acceso ou saída.*
9. *Fora das ramplas de acceso ou saída, os pisos destinados a prazas non superarán unha pendente do 8%.*
10. *As rúas de distribución terán como largura mínima a maior das seguintes:*
  - a *3,00 metros si non serve de acceso directo a prazas de estacionamento.*
  - b *4,00 metros si é unidireccional e só dá acceso a prazas en liña.*
  - c *5,00 metros nos demais supostos en que sirva de acceso a prazas de estacionamento. Esta dimensión se elevará a 6,00 metros en pasos de dobre sentido de circulación que poidan servir de acceso a máis de 15 prazas de estacionamento en garaxes, e a 35 prazas en aparcamentos.*
11. *As ramplas de acceso e/ou movemento entre plantas non servirán de acceso directo a ningunha praza e cumprirán as seguintes condicións*
  - a *Tramos rectos: pendente máxima 16%; largura mínima 3,00 metros.*
  - b *Tramos curvos: pendente máxima 12%; largura mínima 3,50 metros; radio mínimo a eixo de tramo. 6,00 metros.*
12. *Cada acceso ao exterior, deberá dispor no interior do edificio, parcela ou terreo dun espazo de, alomenos, 5,0 metros de fondo e 3,0 metros de largo con pendente inferior ao 2% e radio mínimo de acordo vertical de 25,00 metros; non poderá interferir con ningún tipo de tráfico rodado ou impedimento material.*
13. *Para aparcamentos de menos de 80 prazas, oos accesos poderán ser unidireccionais de uso alternativo. Cando a capacidade sexa maior de 80 prazas e menor de 240, deberán contar cun acceso bidireccional de largo superior a 5,0 metros, ou dous accesos unidireccionais diferenciados. Si é maior de 240 deberán ter entrada e saída diferenciadas, preferiblemente a distintas rúas.*
14. *As ramplas de comunicación entre plantas non poderán ser bidireccionais, salvo si o seu trazado é rectilíneo. Si fora curvilíneo, ambas direccións deberán separarse mediante elemento continuo resistente a impacto de vehículos de alomenos 0,70 metros de altura.*
15. *O sistema de ventilación proxectarase e realizarse coas características suficientes para impedir a acumulación de gases nocivos en proporción capaz de producir accidentes. Os sistemas de ventilación non causarán molestias aos usuarios de viario, espazos libres ou edificación. Todas as plantas do local, ademais do acceso, terán ventilación directa ao exterior.*

16. *A ventilación natural será admisible en aparcamentos en planta baixa e semisótano sobre rasante; as súas aperturas serán permanentes cunha superficie total mínima equivalente ao 5% da superficie útil do local a ventilar, cando éstas se encontren distribuídas en fachadas opostas de forma que aseguren a corrente de aire no interior. Si todas as aberturas están nunha mesma fachada, a superficie de ventilación haberá de ser alomenos dun 8% da do local.*

17. *A ventilación forzada asegurará unha renovación mínima de aire de alomenos 15 m<sup>3</sup>/h.m<sup>2</sup> de superficie útil do garaxe ou aparcamento. Cando a capacidade do local sexa superior a 20 prazas, o caudal de ventilación deberá repartirse, como mínimo, en dous dispositivos independentes. Cando sexa superior a 40 prazas, os dispositivos de ventilación contarán con suministro complementario de enerxía que garantice o seu funcionamento, sendo obrigatoria a instalación de aparatos detectores de CO<sub>2</sub> que accionen automaticamente a instalación de ventilación. Admítese a posibilidade de casetóns para albergar o sistema de ventilación, cumprindo as condicións urbanísticas de aplicación.*

18. *Cumprirán en todo o que sexa de aplicación a Normativa de protección de incendios.*

#### *Artigo 6.8.5.- Condicións dos aparcamentos nos edificios*

*As previsións de prazas de aparcamento serán, como mínimo, as requiridas para cada uso polos estándares fixados nestas normas.*

*As previsións mínimas de prazas de aparcamento son aplicables tamén nos edificios que sexan obxecto de ampliación na súa superficie edificada. A contía da previsión será a correspondente á ampliación. Igualmente se aplicarán estas previsións de prazas de aparcamento nos casos de modificación dos edificios ou as instalacións, que comporten cambios de usos.*

*O Concello poderá prohibir e/ou eximir o cumprimento dos requisitos mínimos e/ou limitar a provisión dos autorizados, nos seguintes supostos:*

- a En edificios catalogados, cando se trate de obras nos edificios ou, cando sendo de reconstrución, a implantación do aparcamento sexa incompatible cos elementos que se pretenden reconstruír e/ou cos valores protexidos.*
- b En edificios que dean fronte a rúa con anchura entre alineacións opostas inferior a 6 metros.*
- c En edificios emprazados en rúas céntricas cun alto grao de tránsito peonil, nas cales a implantación do aparcamento ocasionaría graves problemas funcionais.*
- d Cando se constrúa sobre unha parcela na que a forma e as características xeométricas da mesma non permita a implantación da dotación mínima de aparcamento.*

*Nos supostos enunciados no punto anterior, a dotación de aparcamentos dunha parcela, que no poidan materializarse na mesma, deberán ser transferidos a parcelas situadas nun radio non maior de 500 metros.*

5. *Salvo en edificios de vivenda unifamiliar, non poderá resolverse de forma individual o acceso dende a vía pública ás distintas prazas de aparcamento.*

6. *Poderá permitirse o emprego de aparatos montacoches.*

7. *Autorízase a mancomunidade de accesos a aparcamento, así como a construción de aparcamentos mancomunados entre parcelas colindantes, sin que en tal caso se reduza a dotación de prazas que corresponda ao conxunto por superficie de edificación.*

8. *Os aparcamentos baixo rasante contarán con patios, chimineas ou mecanismos de ventilación do seu exclusivo uso.*

10. *As escaleiras de acceso a garaxe tendrán un largo mínimo de 1,00 m. A conexión entre o garaxe e o inble estará provista dun vestíbulo estanco, con portas resistentes ao lume máis de 90 minutos, con sistema de peche automático e con apertura no sentido da evacuación.*

*Artigo 6.8.6.- Condicións dos garaxes*

1. *Os proxectos de edificios ou parcelas destinados a garaxe, en parcelas ou emplacementsos distintos das calificadas expresamente polo planeamento, e cuxa capacidade sexa superior a 100 prazas, incluírán un estudo de impacto sobre a rede viaria e o tráfico.*
2. *Terán unha superficie mínima obligatoria de 25 m<sup>2</sup> útiles por praza de aparcamento.*
3. *Os accesos de peóns deberán ser exclusivos e diferenciados dos de vehículos, salvo en garaxes de menos de 20 prazas. As escaleiras ou ramplas de comunicación peonil entre plantas terán un largo igual ou superior a 1,10 m. En cada planta non poderán existir puntos que incumplan o requerido pola normativa de incendios no referente a distancia a accesos ou saídas peonís.*
4. *Deberá dispor de servizos sanitarios e de vestuario, diferenciados por sexo, para o personal que nel traballe.*

*Artigo 6.8.7.- Condicións comúns dos usos de gasoleiras e estacións de servizo*

1. *As gasoleiras e estacións de servizos poderán implantarse:*
  - a *En viario público ou espazos libres anexos a viario, previa a correspondiente concesión administrativa no seu caso.*
  - b *En parcelas privadas, cuxas condicións pormenorizadas de ordenación así o permitan.*
2. *Non poderán implantarse no interior de ningún edificio que conteña outro tipo de uso.*
3. *As condicións de circulación de vehículos no interior da superficie destinada a elo será como mínimo:*
  - a *Radio mínimo 10 metros e carril de 3,00 m. para vehículos lixeiros.*
  - b *Radio mínimo 20 metros e carril de 3,50 para camións, autobuses e vehículos pesados*
4. *A solicitude de licenza para a implantación de gasoleiras ou estacións de servizo, deberá ir acompañada de estudo de impacto sobre: seguridade de persoas e bens; e tráfico. A licenza poderá ser denegada si o informe técnico sobre calquera de estos aspectos fose desfavorable.*

*Artigo 6.8.8.- Condicións do uso de gasoleira*

*As gasoleiras estarán suxetas ás seguintes condicións de uso:*

1. *Os surtidores poderán instalarse nas beirarrúas sempre que deixen alomenos 2,00 m. libres para o tráfico peonil e que os vehículos en abastecimento ou espera non interrompan a circulación de vehículos.*
2. *Poderán dispoñer duna edificación pechada de non máis de 6 m<sup>2</sup> de superficie, unha planta e 3 m. de altura destinada, exclusivamente, a funcións de oficina, taquilla, aseo e protección fronte á intemperie do personal empregado.*
3. *Si os surtidores se sitúan no interior da parcela os accesos e saídas á área de abastecimento se situarán a unha distancia non inferior a 10 metros da esquina da calzada á que deran, entendéndose por 'esquina' no caso de calzadas con acordos curvos o vértice teórico de encontro dos correspondientes tramos rectilíneos.*
4. *As superficies destinadas a abastecimento poderán ser cubertas con marquesinas, que:*
  - a *Cumplan as regras de colindancia.*
  - b *Se sitúen recuadas máis de 2,00 m. da aliñación obligatoria de fachada si está sinalada.*



*Artigo 6.8.9.- Condicións do uso de estación de servizo*

*As estacións de servizo, no referente ás funcións e instalacións de distribución de combustible, axustaranse ao disposto para gasolinerías. As superficies construídas destinadas a servizos ás persoas e aos vehículos terán as seguintes limitacións:*

- 1. Si se ubican fora de viario ou espazo público anexo, a superficie total axustarase ás condicións particulares e/ou de uso que foran aplicables á parcela en que se ubiquen e no seu defecto ás condicións tipolóxicas subsidiarias.*
- 2. Si se ubicasen en viario ou espazos públicos anexos, ditas construcións non ocuparán máis de 200 m<sup>2</sup> e a súa altura non excederá unha planta ou 5,00 m. de cornisa.*
- 3. Cumprirán as condicións xerais de uso propias dos tipos de función a que se destinen*
- 4. En todo caso, disporán de, alomenos, dous aseos de uso público, diferenciados por sexo.*

SEGUNDO.-Publicar este acordo no prazo dun mes no DOGA e a normativa e ordenanzas no BOP da Coruña.

TERCEIRO.-Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dándolle traslado de dúas copias autenticadas e dilixenciadas pola secretaría municipal.

Fene, a 20 outubro de 2015  
O alcalde  
Juventino José Trigo Rey"

**Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**PRIMEIRO.-Rectificar os erros advertidos no acordo de aprobación definitiva da modificación puntual núm. 1 do Plan parcial do Polígono industrial de Vilar do Colo, de forma que a nova redacción dada aos artigos 65 e 66 queda como segue:**

**Art. 65.1 EQUIPAMENTO COMERCIAL E SOCIAL. PARÁMETROS URBANÍSTICOS.**

**Condicións da edificación**

- **Recuados** : **10 m a fronte de rúa.**  
**5 m a resto de lindeiros**
- **Ocupación máxima** : **50%**

**Condicións de volume**

- **Índice de piso** : **1,5 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> parcela bruta**
- **Altura máxima edificación** : **4 plantas, 14 m**

**Art. 65.2 EQUIPAMENTO COMERCIAL E SOCIAL. USOS**

**Condicións de uso**

**Uso comercial:**

**Uso principal: estará constituído por locais destinados á exposición e venda de produtos industriais, compra-venda ao por menor de artigos de consumo e o seu almacenamento inmediato, así como aos servizos persoais de todo tipo.**

**Usos complementarios: permitiranse locais destinados ao uso de oficinas, actividades de investigación e desenrolo, servizos de asesoramento técnico**

*e/ou de xestión, axencias de distribución de produtos industriais, centros de informática e de comunicacións, locais relacionados con actividades de hostelería, residencias hoteleiras para un número de prazas calculadas para satisfacer as necesidades do sector e, en xeral, cantas actividades tendan á boa comercialización dos produtos industriais ou comerciais.*

**Uso social:**

*Comprenderá os usos de tipo cultural, relixioso, policía, e de relacións humanas en xeral. En relación non exhaustiva e a maneira de orientación serían usos permitidos os centros de formación profesional e/ou perfeccionamento, usos sociais e de oficinas, actividades sindicais, bancos e similares, actividades de xestión, biblioteca, hemeroteca, dentro dos culturais e as garderías, dispensarios-clínica médicos, farmacia ou centros de día dentro dos asistenciais.*

*Preverase unha praza de aparcamento por cada 100 m<sup>2</sup> de edificación, das que o 2 % serán para minusválidos (ou as que resulten de aplicación en cada momento de normativa obrigatoria específica en materia de accesibilidade para persoas con mobilidade reducida). O computo poderá incluír as prazas dispostas en bandas de aparcamento en viario que linden coa zona de equipamento.*

**Art. 66.1 ZONA INDUSTRIAL. PARÁMETROS URBANÍSTICOS**

**Condicións da edificación e de volume.**

**INDUSTRIA EN PARCELA NIÑO**

- **Tipo de construción: Edificación adosada.**
- **Recuados mínimos:**
  - \* **Frente de rúa : 7 m**
  - \* **Fondo de parcela: 3 m**
  - \* **Laterais : A agrupación de edificios adosados poderá presentar un frente non superior a 150 metros e deixar un recuado lateral de 5 m**
- **Ocupación máxima : 80 %**
- **Índice de piso : 0,9 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> de parcela bruta**
- **Altura máxima : 7 m**

**INDUSTRIA LIXEIRA**

- **Tipo de construción: Edificación pareada ou illada.**
- **Recuados mínimos:**
  - \* **Frente de rúa : 7 m**
  - \* **Fondo de parcela: 3 m**
  - \* **Laterais : 0 / 5 m**
- **Ocupación máxima: 70 %**
- **Índice de piso : 0,75 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> de parcela bruta**
- **Altura máxima : 7 m**

**INDUSTRIA XERAL**

- **Tipo de construción: Edificación illada.**
- **Recuados mínimos:**

- \* **Frente de rúa** : 10 m
- \* **Fondo de parcela:** 5 m
- \* **Laterais** : 5 m
  
- **Ocupación máxima:** 60 %
- **Índice de piso** : 0,65 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> de parcela bruta
- **Altura máxima** : 7 m

**Con carácter xeral e todos os tipos de parcela:**

#### **Composición de parcelas**

**Dentro das parcelas establécense os seguintes criterios de composición:**

**a) Edificios para naves de fabricación e almacenaxe.**

**A superficie a adicar a estos edificios non ten limitación sempre que, en calquera caso, se aseguren as porcentaxes establecidas no apartado b) e seguintes.**

**b) Bloques representativos.**

**Comprenden os destinados a despachos, oficinas, salas de recepción, e en xeral, todos os que dependendo administrativamente da industria non se adiquen a procesos de fabricación.**

**A súa superficie construída non superará o 25 % da total. Os bloques representativos terán como máximo 10 m de profundidade no caso de que se encontren adosados a naves ou outros edificios e 15 m no caso de que sexan exentos, con iluminación por ambas bandas.**

**c) Espazos libres para aparcamentos.**

**A superficie libre destinada para os aparcamentos previstos dentro de cada parcela non será inferior ao 10% da súa superficie bruta. Poderá utilizarse para eles a zona de recuados e estarán debidamente sinalizados e pavimentados.**

**d) Construcións accesorias.**

**Son todas as necesarias para o adecuado funcionamento das industrias, tales como depósitos elevados, torres de refrixeración, chimineas, vivenda, etc..**

**O seu emprazamento, forma e volume son libres sempre que estean debidamente xustificadas e respondan a un deseño acertado.**

**A altura das chimineas será como mínimo 1,5.h metros, sendo h a altura do edificio veciño máis alto. A altura de estas construcións accesorias estará suxeta á posible limitación exposta ao tratar de "Edificacións nas parcelas".**

#### **Composición dos frentes de fachada**

**Os frentes de fachada das parcelas axustaranse nas súas aliñacións ao plano Parcelario, aténdose ás seguintes normas:**

**a) Os Bloques Representativos deberán ubicarse xunto á vía de acceso á parcela, coa súa fachada principal dentro da aliñación establecida.**



***Nas solucións de esquina en que existan recuados laterais e frontais a dúas ou máis rúas considerarase para ambas o recuado maior.***

***Non se admite a construción de Bloques Representativos no interior das parcelas en tanto non se haxa completado a base de eles o frente principal das mesmas, considerando éste como o principal xunto á vía de acceso.***

- b) Se permiten recuados parciais de estos Bloques, cando a base de eles se teña cuberto máis dos 2/3 do frente.***

***O recuado permitido, con respecto aos saintes, será inferior a 5 m e a edificación será continua.***

- c) En calquera caso, a aliñación se materializará co cerramento da parcela.***
- d) Os espazos libres obtidos a causa dos recuados, poderán destinarse a aparcamentos, zona verde ou ambos. O seu coidado e mantemento correrán por conta da Empresa instalada e a Administración do Polígono velará polo exacto cumprimento de esta Ordenanza.***

***Queda prohibido usar os espazos libres indicados no párrafo anterior como depósito de materiais, vertido de desperdicios ou en xeral, todo o que poida danar a estética do Polígono.***

#### ***Edificacións nas parcelas***

- a) Todas es edificacións que se realicen dentro das parcelas estarán obrigadas a gardar os recuados laterais e de fondo de parcela establecidos para cada Categoría e grafiados no plano Parcelario.***

***Os recuados expresados contaránse dende os límites da parcela que se establezan.***

- b) A altura libre mínima de cada unha das plantas do Bloque Representativo será de 2,50 m.***
- c) A altura máxima das edificacións de fabricación e almacenaxe será de 7 m, salvo que as necesidades do proceso de produción xustifiquen unha maior altura e os Servizos Técnicos Municipais así o estimen.***

***Sobre a altura máxima sinalada anteriormente para a edificación das parcelas, se admitirán aqueles elementos necesarios para o proceso de fabricación e/ou almacenamento que se xustifiquen debidamente no proxecto.***

***Vinculados aos usos e construcións admisibles no polígono, admítense os seguintes elementos complementarios:***

- Monolitos, tótems e sinais de identificación e publicidade vencelladas ás empresas ou organismos titulares de actividade (centros comerciais, áreas de servizos, empresas ou organismos significativos, etc.) ou non.***
- Instalacións de comunicacións e similares.***

#### **Art. 66.2 ZONA INDUSTRIAL. USOS.**

***Con criterio xeral mantense a admisibilidade do uso industrial definido no Art. 28 das Ordenanzas como "establecementos cuxa finalidade é a transformación de primeiras materias ou produtos de calquera clase, ben para o seu consumo inmediato ou ben como preparación para ulteriores***

**transformacións, incluso envasado, transporte e distribución, así como as funcións que complementan a actividade industrial propiamente dita” e os usos compatibles co industrial definidos no Art. 29: “actividades non especificamente industriais, como almacéns, laboratorios, centros informáticos, hipermercados, así como a venda e distribución dos produtos correspondientes incluíndo o uso de vivenda, garaxe-estacionamento, terciario xeral e deportivo nas condicións seguintes.**

**O uso de vivenda ligada á instalación industrial para o personal encargado a vixianza e conservación, de acordo co artigo 52 destas Ordenanzas.**

**O uso de garaxe e estacionamento, ben como complementario ao industrial ou ben sobre parcela exclusiva.**

**O uso de ocio e deportivo en instalacións propias dunha industria e sin fins lucrativos.**

Ademais do anterior e con obxecto de conquistar unha maior apertura a novos usos e actividades en liña cos criterios actuais de concurrencia e simultaneidade de usos terciarios nas áreas empresarias, admítense usos e actividades xerais do sector servizos e terciarios.

En particular, e con carácter non excluínte, as seguintes ou asimiladas:

- Usos e actividades asimiladas ao sector terciario como hostelería, hoteis, edificios de oficinas de calquera servizo, deportivos, ocio, sanitarios, comerciais e servizos persoais, venda directa ou por correo/internet, etc.
- Servizos públicos e equipamentos de todo tipo e Administración titular (talleres, garaxes, centros de formación, almacéns, “puntos limpos”, servizos auxiliares ou adscritos das Administracións, etc.).
- Monolitos, tótems e sinais de identificación e publicidade vencelladas ás empresas titulares de actividade ou de terceiros.
- Instalacións de comunicacións e similares.
- Todas aquelas actividades e instalacións terciarias que a partir da xustificación preliminar que proceda e tras informe favorable dos Servizos Técnicos Municipais e no seu caso admisibles na tramitación ambiental cando proceda por normativa sectorial, a Corporación Municipal considere convintes para un maior desenvolvemento da área empresarial (en relación indicativa e non exhaustiva: tanatorios, gasolineras e áreas-estacións de servizos, lavacoches, estudos discográficos, centros de formación e/ou ensino de calquera tipo e titularidade, empresas de I+D+i, empresas de desenvolvemento informático ou de novas tecnoloxías de calquera sector, empresas de xestión, etc.)”.
- Ao obxecto de adaptarse a novas actividades que poidan xurdir segundo desenvolvemento empresarial e condicións de mercado, os usos terciarios entenderanse cun criterio amplo.

**Explicitamente, a regulación do uso vivenda (unha por parcela) segundo Arts. 53 e 66 das Ordenanzas, cumprirá as seguintes condicións:**

**Tolerarase o uso dunha vivenda por parcela (agás en parcelas de tipo niño) para o personal dependente do sector industrial, nas seguintes condicións:**

- a) **A vivenda someterase á Normativa e condicións aplicables para tal uso (habitabilidade, salubridade, accesibilidade, etc., segundo C.T.E. ou normas sectoriais), independentemente do emprazamento.**

**b) En calquera caso será imprescindible que a vivenda en zona industrial dispoña de :**

- **Acceso independente da industria ou actividade principal.**
- **Illamento e independencia respecto a vibracións, ruidos e demais fontes de perturbación, de forma que resulte garantizada a protección de calquera actividade insalubre, molesta, nociva ou perigosa.**

**Na zona de afección do río Ba establécese a zona de servidumbre (5 m) na que se prohíbe toda ocupación e a zona de policía (100 m) na que calquera uso, construción ou actividade, dentro das fixadas con carácter xeral no Plan Parcial estará sujeta á previa autorización ou informe favorable do organismo titular de competencias en materia de augas. A tal efecto, os proxectos que se atopen en tales emprazamentos haberán de incluír na súa tramitación a cartografía axeitada, con detalle de distancias ao cauce, en planta e sección, para verificación das condicións e posición en relación co cauce.**

**De forma expresa a admisibilidade xeral de usos terciarios citados incluírá complementariamente respecto das definicións das Ordenanzas do polígono e no non regulado nas mesmas, en canto a condicións xerais, as recollidos nos Arts. 6.1.3 "Condicións xerais dos usos", 6.1.6 "Definición de usos segundos criterios de regulación territorial", 6.1.8 "Definición de usos segundos criterios de compatibilidade", das N.U. do vixente PXOM/Rev. 98 de Fene e en caso de revisión de éste os que resulten asimilados.**

#### **Artigo 6.1.3.- Condicións xerais dos usos**

**1. Son condicións da regulación dos usos aquelas que definen as condicións que se deben cumprir nos locais, vivendas, edificacións ou parcelas nos que se sitúan os usos. Tamén regulan o réxime xeral de compatibilidade e de substitución de usos nun mesmo ámbito.**

**2. O Plan Xeral regula os usos establecendo as seguintes clases de condicións:**

- a) Condicións xerais: determinan o réxime xeral urbanístico e a clasificación de usos.**
- b) Condicións particulares: concretan o réxime dos distintos usos.**
- c) Condicións de compatibilidade e substitución: establecen as regras de relación entre usos.**

**3. As condicións xerais, particulares e de compatibilidade e substitución de usos, serán aplicables en obras de nova planta, ampliación, reestruturación e en obras interiores a locais, a excepción, neste último caso, da esixencia de prazas de aparcamento.**

**4. As condicións xerais e particulares de uso son complementarias á Normativa Específica, estatal, autonómica ou local, aplicable ás distintas actividades. En caso de discrepancia ou contradición entre a Normativa Urbanística e a sectorial vixente, se primará:**

- a) A sectorial, si houberse contradición.**
- b) A máis restrictiva, si houberse discrepancia non contraditoria.**

**5. As condicións xerais, particulares e de compatibilidade e substitución de usos son complementarias coas xerais de edificación e coa regulación normativa das distintas zonas de solo, polo que a implantación de novos usos ou actividades, ou a adecuación dos existentes, deberá satisfacer o conxunto das determinacións establecidas nas Normas.**

#### **Artigo 6.1.6.- Definición de usos segundos criterios de regulación territorial**

**Segundos criterios de regulación territorial, e en función das determinacións da normativa de cada zona de solo, os usos poden ser:**

- a. **Prioritarios:** Son os usos que se consideran preferibles nunha determinada zona ou ámbito de solo. Son os que sirven para definir o uso característico en dita zona ou ámbito.
- b. **Permisibles (compatibles):** Outros usos que, en determinados supostos ou baixo certas condicións, tamén poden permitirse nunha determinada zona ou ámbito.
- c. **Prohibidos:** Usos non autorizables nunha determinada zona ou ámbito.

#### **Artigo 6.1.8.- Definición de usos segundos criterios de compatibilidade**

**Segundos criterios de compatibilidade, e en función das determinacións da normativa de cada zona de solo, os usos se subdividen en:**

- a. **Principal:** o asignado polo planeamento con carácter prioritario aos edificios ou parcelas. Cando nun edificio ou parcela existan varios usos, se considera principal o que ocupa a maior superficie construída.
- b. **Complementario:** o que debe acompañar a outro uso, porque así o esixan as determinacións do planeamento, a Normativa sectorial ou a funcionalidade do uso.
- c. **Compatible:** o que o Plan autoriza como alternativa a, ou en coexistencia co, uso pormenorizado do ámbito ou o principal do edificio ou da parcela.
- d. **Prohibido:** aquel cuxa implantación non está permitida polo planeamento ou polas disposicións en materia de actividades molestas, nocivas, insalubres ou perigosas.

**De forma complementaria á regulación contida nas Ordenanzas específicas do P.P., no relativo a usos e actividades admisibles asimilados aos previstos nas Normas Urbanísticas do PXOM/Rev. 98 resultarán de aplicación os arts. 6.3.1 "Usos individualizados de actividades produtivas"; 6.3.10 "Condicións dos usos de industrial-almacenaxe"; 6.3.11 "Condicións dos usos de servizos e afíns"; 6.3.12 "Condicións dos usos de oficinas e despachos"; 6.3.13 "Condicións dos usos comerciais e de reunión"; 6.5.2 "Uso individualizado deportivo"; 6.5.3 "Uso individualizado educativo"; 6.5.4 "Usos individualizados de interese público e social"; 6.8.1 "Usos individualizados relacionados co automóvil"; 6.8.2 "Condicións xerais do uso de aparcamento"; 6.8.3 "Condicións do aparcamento en superficie"; 6.8.4 "Condicións comúns dos usos de aparcamento nos edificios e de garaxe"; 6.8.5 "Condicións dos aparcamentos nos edificios"; 6.8.6.- Condicións dos garaxes; 6.8.7 "Condicións comúns dos usos de gasoleiras e estacións de servizo"; 6.8.8 "Condicións do uso de gasoleira" e 6.8.9 "Condicións do uso de estación de servizo" das mesmas que se reproducen no que resulta de aplicación.**

#### **Artigo 6.3.1.- Usos individualizados de actividades produtivas**

**1. A efectos da presente Normativa se denominan usos de actividades produtivas todos os destinados á produción de bens ou servizos, por calquera tipo de persoa física ou xurídica, excepción feita dos Usos Públicos, os Usos Residenciais e os Usos relacionados con Actividades propias do Solo Rústico.**

#### **2. Se subdividen en catro grupos de usos individualizados**

- a **Industrial-almacenaxe.**
- b **Servizos e afíns.**
- c **Oficinas e despachos.**
- d **Comercio-reunión.**

(...)

**4. A Área de Planeamento Incorporado correspondiente ao Polígono Industrial de "Vilar do Colo", mantén a súa propia definición e clasificación de usos, tendo os presentes contidos da Normativa do Plan Xeral exclusivamente un carácter complementario.**

**Artigo 6.3.10.- Condicións dos usos de industrial-almacenaxe.**

**1. Corresponden a actividades produtivas de industria-almacenaxe, a recepción, almacenaxe ou transformación de materias primas ou semielaboradas, fabricación, envasado, almacenamento, continxentación, distribución, transporte e/ou exposición-comercialización a empresa ou maiorista.**

**2. A efectos de implantación diferéncianse dous tipos**

**a) Talleres domésticos: locais nos que se desempeñan actividades produtivas compatibles con vivenda, coa que compartirán acceso, que constitúen anexo ou parte da mesma e non exceden do 40% da superficie útil total do conxunto.**

**b) Instalacións industriais: edificios, espazos ou locais, que non constitúen anexo de vivenda, destinados ás actividades produtivas nas que predominen as de industria-almacenaxe.**

**3. Os edificios, locais e instalacións, destinados a estos usos, deberán garantir o cumprimento das condicións de seguridade fronte a incendios, así como as de seguridade laboral, impacto medio-ambiental, distancias e outras que lles sexan aplicable en función da actividade específica de que se trate.**

**4. Salvo no caso de talleres compatibles co uso de vivenda, desenrolados como anexo ou parte da mesma, a implantación do edificio na parcela ou terreo:**

**a Terá o seu acceso dende viario ou espazo libre público, ou dende viario privado de uso comunitario ou colectivo directamente accesible dende él.**

**b Permitirá o acceso de vehículos de emerxencia mediante paso libre, pavimentado e transitable.**

**c Fará posible a rápida evacuación de persoas e a retirada ou illamento de materiais inflamables ou perigosos.**

**5. En plantas baixo rasante só poderán instalarse locais que alberguen usos de industria-almacenaxe si se cumpren todas as condicións seguintes, con prevalencia das xerais establecidas nas Ordenanzas do polígono de "Vilar do Colo" e das requeridas por razóns de habitabilidade, seguridade e accesibilidade segundas normas específicas:**

**a Trátase de semisoto, ou de primeiro soto, si no houbera semisoto.**

**b Estar vinculados a un local en planta baixa, que terá unha superficie alomenos igual ao tercio da superficie total, (suma das superficies situadas en planta baixa, semisoto e/ou soto no seu caso).**

**c Ter unha superficie de contacto co local de planta baixa de, alomenos, 20 m<sup>2</sup> ou de 0,50 m<sup>2</sup> por cada 50 m<sup>2</sup> si esto fose maior.**

**6. En planta baixa, a implantación dos usos de industria-almacenaxe, requerirá a concurrencia de algunha das seguintes circunstancias:**

**a Que todo o edificio estea destinado a actividades produtivas e/ou aparcamento, garaxe ou estación de servizo.**

**b Que a súa compatibilidade cos usos dominantes residenciais ou non produtivos estea recollida na norma zonal que corresponda, sempre e cando ditas actividades cumplan as condicións que se enumeran:**

- **Carecer de perigosidade.**
- **Non xenerar molestias para os usos colindantes (producción de cheiros, gases, pó, ruído, vibracións, etc.).**
- **Utilizar máquinas ou motores de potencia inferior a 5 kw cada un, e dispor dunha potencia total inferior a 25 kw.**
- **Utilizar unha superficie, de planta baixa, inferior a 150 m<sup>2</sup>, por unidade funcional independente.**
- **Dispor de acceso dende viario ou espazos libres públicos, ou dende viario privado de uso comunitario ou colectivo directamente accesible dende él.**

**7. En entreplanta, a implantación dos usos de industria-almacenaxe requirirá a concurrencia de algunha das seguintes circunstancias:**

- a Que todo o edificio estea destinado a actividades produtivas e/ou aparcamento, garaxe ou estación de servizo.**
- b Que a súa compatibilidade cos usos dominantes residenciais ou non produtivos estea recollida na norma zonal que corresponda, sempre e cando ditas actividades cumplan as condicións que se enumeran:**

- **Carecer de perigosidade.**
- **Non xenerar molestias para os usos colindantes (producción de cheiros, gases, pó, ruído, vibracións, etc.).**
- **Utilizar máquinas ou motores de potencia inferior a 5 kw cada un, e dispor dunha potencia total inferior a 25 kw.**
- **Estean vinculados a un local de planta baixa con que terán unha superficie de contacto de, alomenos, 20 m<sup>2</sup>.**
- **Utilizar unha superficie, de planta baixa, inferior a 150 m<sup>2</sup>, por unidade funcional independente, sumando todas as instalacións de dita actividade.**

**8. En plantas de piso só poderán instalarse usos de industria-almacenaxe cando concurra algunha das seguintes circunstancias:**

- a Que todo o edificio estea destinado a actividades produtivas e/ou aparcamento, garaxe ou estación de servizo.**
- b Que a súa compatibilidade cos usos dominantes estea recollida na norma zonal que corresponda, sempre e cando ditas actividades cumplan as condicións que se enumeran:**

- **Carecer de perigosidade.**
- **Non xenerar molestias para os usos colindantes (producción de cheiros, gases, pó, ruído, vibracións, etc.).**
- **Utilizar máquinas ou motores de potencia inferior a 5 kw cada un, e dispor dunha potencia total inferior a 25 kw.**
- **Se dispoñan en primeira planta, contendo accesos independentes dos demais usos, e estean vinculados a un local de planta baixa con que terán unha superficie de contacto de, alomenos, 20 m<sup>2</sup>.**

- **Utilizar unha superficie, de planta baixa, inferior a 150 m<sup>2</sup>, por unidade funcional independente, sumando todas as instalacións de dita actividade.**

**9. Os corredores ou pasillos de evacuación, así como as escaleiras cumprirán os seguintes largos mínimos, en función da superficie do local a que sirvan.**

- a 1,10 m, mínimo**
- b 1,30 m, a partir de 1.000 m<sup>2</sup>.**
- c 1,50 m, a partir de 2.000 m<sup>2</sup>.**

**10. Si houberse máis dunha escaleira, a efectos de cómputo se dividirá a superficie polo número de escaleiras.**

**11. Os aseos estarán integrados por inodoro e lavabo, dispoñéndose ademais cabinas de ducha cando as características da instalación e da actividade o requiran. Nos edificios compartimentados de industria niño, as instalacións sanitarias poderán servir a distintos locais. A dotación sanitaria se desdoblará por sexos e se establecerá en función das características da actividade, tomando como referencia o maior dos seguintes estándares:**

- a Dous aseos cada vinte usuarios ou fracción superior a 10.**
- b Dous aseos cada 500 m<sup>2</sup> de superficie construída.**
- c O regulado pola Normativa sectorial ou a laboral aplicable, si a houbera.**

**12. A altura útil dos locais en edificios de uso exclusivo produtivo, non superará os 5,50 m., salvo que expresamente o autoricen as normas zonais ou salvo que necesidades expresadas e xustificadas, derivadas do proceso produtivo, fagan necesaria maior altura.**

**13. A altura libre de locais destinados a usos industrial-almacenaxe en edificios de uso dominante residencial, non superará os 4 m.**

**14. A altura libre mínima dos locais será de 3,00 m.; a súa altura útil mínima será de 2,70 m e poderá ocupar ata un máximo do 25% da superficie útil do local.**

**15. Os locais contarán con ventilación natural ou forzada que garante entre 6 e 10 renovacións/hora, cunha aportación de aire renovado entre 60 e 100 m<sup>3</sup>/persoa.hora, segundo tipo de actividade.**

**16. En edificios ou instalacións de ata 1.000 m<sup>2</sup> e como referente para os demais casos, a dotación de prazas de aparcamento segunda superficie construída será:**

**a Industria:**

- **Automóviles, vehículos lixeiros: unha cada 100 m<sup>2</sup> ou fracción superior a 50 m<sup>2</sup>.**
- **Camións, vehículos pesados: unha cada 500 m<sup>2</sup> ou fracción superior a 200 m<sup>2</sup>.**
- **Carga e descarga unha cada 1.000 m<sup>2</sup> ou fracción superior a 400 m<sup>2</sup>**

**b Almacenaxe:**

- **Automóviles, vehículos lixeiros: unha cada 250 m<sup>2</sup> ou fracción superior a 100 m<sup>2</sup>.**
- **Camións, vehículos pesados: unha cada 500 m<sup>2</sup> ou fracción superior a 200 m<sup>2</sup>.**
- **Carga e descarga unha cada 500 m<sup>2</sup> ou fracción superior a 200 m<sup>2</sup>.**

**17. A partir de 500 m<sup>2</sup> de superficie total construída para usos industrial-almacenaxe, as necesidades de espazo para carga e descarga deberán resolverse no propio edificio, parcela ou terreo.**

**18. Os proxectos para obtención de licenza de obras, para máis de 1.000 m<sup>2</sup> construídos, incluírán expresamente o cálculo e xustificación de prazas de aparcamento e de espazo para carga e descarga en función das características da actividade, do emprego e do tráfico xenerados.**

**19. O aparcamento e a carga e descarga deberán resolverse no edificio, parcela ou terreo en que se dese a actuación. No suposto de que esta condición fose de imposible cumprimento en todo ou en parte, respecto da dotación de aparcamentos, poderá proveerse noutra parcela ou terreo situado a menos de 300 metros do deficitario, sempre que con elo non se merme a dotación obrigatoria da parcela ou terreo en que se ubiquen.**

**20. Se consideran usos complementarios os de:**

- a Aparcamento ao servizo da actividade.**
- b Infraestruturas en situación de planta baixa ou inferiores.**

**21. Se consideran usos compatibles os de:**

- a Oficinas directamente relacionadas coa actividade dominante.**
- b Vivenda para encargados de vixiancia e/ou custodia, en función da superficie total construída, ata un máximo de: unha vivenda por establecemento de menos de 2.000 m<sup>2</sup>, dous por establecementos de 2.000 m<sup>2</sup> a 5.000 m<sup>2</sup> e catro por establecementos de máis de 5.000 m<sup>2</sup>.**

**Artigo 6.3.11.- Condicións dos usos de servizos e afíns.**

**1. Corresponden a actividades produtivas de servizos e afíns as relacionadas co mantemento, custodia e reparación de bens e os talleres compatibles co uso de vivenda**

**2. Os edificios e locais destinados a estos usos deberán garantir o cumprimento das condicións de seguridade fronte a incendios, así como as de seguridade laboral, impacto medio-ambiental, distancias e outras que lles sexan aplicable en función da actividade específica de que se trate.**

**3. Salvo no caso de talleres compatibles co uso de vivenda, desenrolados como anexo ou parte da mesma, a implantación do edificio na parcela ou terreo:**

- a Terá o seu acceso dende viario ou espazo libre público, ou dende viario privado ou espazo libre de edificación de uso comunitario ou colectivo directamente accesible dende eles.**
- b Permitirá o acceso de vehículos de emerxencia mediante paso libre, pavimentado e transitable, que cumpla as condicións mínimas do uso básico de viario privado.**
- c Fará posible a rápida evacuación de persoas e a retirada ou illamento de materiais inflamables ou perigosos.**

**4. En plantas baixo rasante só poderán instalarse locais que alberguen usos de servizos e afíns si se cumpren as condicións seguintes:**

- a Tratarse de semisoto, ou de primeiro soto se non houbera semisoto.**
- b Estar vinculados a un local en planta baixa.**



- c Ter unha superficie de contacto co local de planta baixa de, alomenos, 10 m<sup>2</sup> ou de 2 m<sup>2</sup> por cada 50 m<sup>2</sup> si esto fose maior.**
- d Ter no local vinculado de planta baixa alomenos un tercio da superficie total, suma das situadas en planta baixa, semisoto ou soto no seu caso.**

**5. En planta baixa, a implantación dos usos de servizos e afíns, requirirá a concurrencia de algunha das seguintes circunstancias:**

- a Que todo o edificio estea destinado a actividades produtivas e/ou aparcamento, garaxe ou estación de servizo.**
- b Que a súa compatibilidade cos usos dominantes estea recollida na norma zonal que corresponda, sempre e cando ditas actividades cumplan as condicións que se enumeran:**
  - Carecer de perigosidade.
  - Non xenerar molestias para os usos colindantes (producción de cheiros, gases, pó, ruído, vibracións, etc.).
  - Utilizar máquinas ou motores de potencia inferior a 5 kw cada un, e dispoñer dunha potencia total inferior a 25 kw.
  - Utilizar unha superficie de planta baixa inferior a 500 m<sup>2</sup>, por unidade funcional independente.
  - Dispoñer de acceso dende viario ou espazos libres públicos, ou dende viario privado de uso comunitario ou colectivo directamente accesible dende él.

**6. En entreplanta e plantas de piso, só poderán instalarse usos de servizos e afíns cando concurra algunha das seguintes circunstancias:**

- a Que todo o edificio estea destinado a actividades produtivas e/ou aparcamento, garaxe ou estación de servizo.**
- b Que a súa compatibilidade cos usos dominantes estea recollida na norma zonal que corresponda, sempre e cando ditas actividades cumplan as condicións que se enumeran:**
  - Carecer de perigosidade.
  - Non xenerar molestias para os usos colindantes (producción de cheiros, gases, pó, ruído, vibracións, etc.).
  - Utilizar máquinas ou motores de potencia inferior a 5 kw cada un, e dispoñer dunha potencia total inferior a 25 kw.
  - Se dispoñan en entreplanta e planta primeira, contén con accesos independentes dos demais usos, ou estean vinculados a un local de planta baixa, co que terán unha superficie de contacto de, alomenos, 10 m<sup>2</sup>.
  - Utilizar unha superficie a 250 m<sup>2</sup>, sumando todas as instalacións de dicta actividade.

**7. Os corredores ou pasillos de evacuación, así como as escaleiras cumprirán os seguintes largos mínimos, en función da superficie do local a que sirvan.**

- a 1,10 m, mínimo**
- b 1,30 m, a partir de 1.000 m<sup>2</sup>**

**c 1,50 m, a partir de 2.000 m<sup>2</sup>**

**8. Si houberse máis dunha escaleira, a efectos de cómputo se dividirá a superficie polo número de escaleiras**

**9. Os aseos estarán integrados por inodoro e lavabo, dispoñéndose ademais cabinas de ducha cando as características da instalación e da actividade o requieran. A dotación sanitaria se desdoblará por sexos e se establecerá en función das características da actividade, tomando como referencia o maior dos seguintes estándares:**

**a Dous aseos cada vinte usuarios ou fracción superior a 10.**

**b Dous aseos cada 500 m<sup>2</sup> de superficie construída.**

**c O regulado pola Normativa sectorial ou a laboral aplicable, si a houbera.**

**10. A altura libre dos locais en edificios de uso exclusivo produtivo, non superará os 5,50 m, salvo que expresamente o autoricen as normas zonais ou salvo que necesidades expresadas e xustificadas, derivadas do proceso produtivo, fagan necesaria maior altura.**

**11. A altura libre de locais destinados a usos de servizos e afíns en edificios de uso dominante residencial, non superará os 4 m.**

**12. A altura libre mínima dos locais será de 3,00 m.; a súa altura útil mínima será de 2,70 m e poderá ocupar ata un máximo do 25% da superficie útil do local.**

**13. Os locais contarán con ventilación natural ou forzada que garante entre 6 e 10 renovacións/hora, cunha aportación de aire renovado entre 60 e 100 m<sup>3</sup>/persoa.h, segundo tipo de actividade.**

**14. En edificios ou instalacións de ata 1.000 m<sup>2</sup> a dotación de prazas de aparcamento segunda superficie construída será:**

**- Automóviles, vehículos lixeiros: unha cada 100 m<sup>2</sup> ou fracción superior a 50m<sup>2</sup>.**

**- Camións, vehículos pesados: unha cada 500 m<sup>2</sup> ou fracción superior a 200m<sup>2</sup>.**

**- Carga e descarga unha cada 500 m<sup>2</sup> ou fracción superior a 200 m<sup>2</sup>.**

**15. A partir de 500 m<sup>2</sup> de superficie total construída para usos de servizos e afíns, as necesidades de espazo para carga e descarga deberán resolverse no propio edificio, parcela ou terreo.**

**16. Os proxectos para obtención de licenza de obras, para máis de 1.000 m<sup>2</sup> construídos, incluírán expresamente o cálculo e xustificación de prazas de aparcamento e de espazo para carga e descarga en función das características da actividade, do emprego e do tráfico xenerados.**

**17. O aparcamento e a carga e descarga deberán resolverse no edificio, parcela ou terreo en que se dese a actuación. No suposto de que esta condición fose de imposible cumprimento en todo ou en parte, respecto da dotación de aparcamentos, poderá proveerse noutra parcela ou terreo situado a menos de 300 metros do deficitario, sempre que con ello non se merme a dotación obrigatoria da parcela ou terreo en que se ubiquen.**

**18. Se consideran usos complementarios os de:**

**a Aparcamento ao servizo da actividade.**

**b Infraestruturas en situación de planta baixa ou inferiores.**

**19. Se consideran usos compatibles os de:**

- a Oficinas directamente relacionadas coa actividade dominante.**
- b Vivenda para encargados de vixiancia e/ou custodia, en función da superficie total construída, ata un máximo de: unha por establecemento de menos de 2.000 m<sup>2</sup>, dúas por establecementos de 2.000 m<sup>2</sup> ou máis.**

**Artigo 6.3.12.- Condicións dos usos de oficinas e despachos**

**1. Corresponden a todas as actividades de prestación de servizos ás empresas e as persoas, que se desempeñan en oficinas e locais, excluindo os de natureza comercial minorista, hostelería, restauración e reunión. Se exclúen igualmente as tratadas en establecemento hoteleiro.**

**2. A efectos de implantación se diferencian dous tipos:**

- a Despachos: locais nos que se desempeñan actividades profesionais ou artísticas compatibles con vivenda coa que compartirán acceso; que constitúen anexo ou parte da mesma e non exceden do 40% da superficie útil total do conxunto.**
- b Oficinas: os espazos ou locais, que non constitúen anexo de vivenda, destinados ás actividades terciarias nas que predominen as administrativas ou burocráticas, de carácter público ou privado.**

**3. En edificios de uso dominante residencial poderán instalarse oficinas en situación terceira e/ou en planta baixa ou primeira; non haberá limitación en canto á implantación de despachos.**

**4. Cada oficina independente terá unha superficie non inferior a 20 m<sup>2</sup> útiles.**

**5. Os pasillos e escaleiras interiores aos locais cumprirán os seguintes largos mínimos, en función da área servida:**

- a 0,90 metros ata 250 m<sup>2</sup>.**
- b 0,20 metros máis por cada 250 m<sup>2</sup> adicionais ou fracción superior a 100 m<sup>2</sup>.**

**6. A dotación sanitaria, individual ou compartida, se desdoblará por sexos a partir de dous aseos, e se establecerá en función do total da superficie ocupada atendida tomando como referencia o maior dos seguintes estándares:**

- a Un aseo (lavabo e inodoro) polos primeiros 100 m<sup>2</sup> e un máis por cada 200 m<sup>2</sup> ou fracción superior a 50 m<sup>2</sup>.**
- b O regulado pola Normativa sectorial ou laboral aplicable si a houbera.**

**7. En edificios de uso exclusivo, a altura libre mínima será de 3,00 m. A altura útil mínima será de 2,50 m, ata o 25% da súa superficie útil.**

**8. Os requisitos de prazas de aparcamento e de carga e descarga serán como mínimo os fijados neste artigo, ou os maiores que requirise a Normativa sectorial aplicable si a houbera.**

- a Prazas de aparcamento: unha cada 50 m<sup>2</sup> ou fracción superior a 25 m<sup>2</sup>.**
- b Prazas de carga e descarga: unha cada 2.000 m<sup>2</sup> ou fracción superior a 1.000 m<sup>2</sup>.**

**9. O aparcamento deberá resolverse no edificio, parcela ou terreo en que se dise a actuación. No suposto de que está condición fose de imposible cumprimento en todo ou en parte, as prazas non atendidas deberán proveerse noutra parcela ou terreo situado a menos de 300 metros do deficitario.**

**10. Se consideran usos complementarios os de:**

- a Aparcamento ao servizo da actividade.**
- b Intraestruturas en situación de planta baixa ou inferiores.**

**Artigo 6.3.13.- Condicións dos usos comerciais e de reunión**

**1. Corresponden ás actividades do comercio ao pormenor e ás de restauración, hostelería e/ou reunión cuxo desempeño supón o acceso directo do público para a percepción do servizo e/ou a adquisición dos bens comercializados.**

**2. En edificio de uso dominante residencial poderán instalarse locais comerciais unicamente en situación terceira.**

**3. Ningún local poderá ter acceso directo dende vivendas ou apartamentos, ou servirles de acceso único e/ou directo.**

**4. Ningún local poderá ter unha superficie útil menor de 25 m<sup>2</sup>. Alomenos o 80% da superficie útil será destinado á atención ao público.**

**5. Nos locais de superficie inferior a 250 m<sup>2</sup>, todos os percorridos utilizados polo público tenrán unha largura mínima de 1 m salvándose os desniveis mediante ramplas ou escaleiras cunha largura igual que o resto dos percorridos.**

**6. Nos locais de superficie superior a 250 m<sup>2</sup>, as circulacións terán unha largura mínima de 1,40 m, salvándose os desniveis mediante ramplas ou escaleiras cunha largura igual que o resto dos percorridos.**

**7. En edificios de uso exclusivo, a altura libre mínima será 3,00 m e a útil 2,50 m, ata o 25% da súa superficie útil.**

**8. A dotación sanitaria, se desdoblará por sexos a partir de dous aseos e cumprirá os seguintes mínimos:**

- a Un aseo (lavabo e inodoro) polos primeiros 100 m<sup>2</sup> e un máis por cada 100 m<sup>2</sup> ou fracción superior a 25 m<sup>2</sup>.**
- b O regulado pola Normativa sectorial aplicable si a houbera.**

**9. Cando a superficie de venda ou acceso público alcance os 500 m<sup>2</sup>, e sempre que se trate de edificios de uso exclusivo, se disporá dentro do local, de unha dársena de carga e descarga con altura útil mínima de 3,40 m. que se aumentará nunha unidade por cada 1.000 m<sup>2</sup> máis de superficie de venda.**

**10. Os locais comerciais que se agrupen formando pasaxes, galerías de centros comerciais ou similares cumprirán as seguintes condicións:**

- a Os pasos sobre os que recaían accesos a locais terán un largo  $\geq 3$  m.**
- b As escaleiras e accesos á agrupación comercial contarán cando menos con dous accesos peonís dende a vía pública, de largura  $\geq 4,00$  m e situados en puntos alonxados.**
- c Poderán agruparse e resolverse de forma conxunta a dotación de servizos sanitarios, instalacións e carga e descarga.**

**11. A implantación de agrupacións ou superficies comerciais, con superficie de venda superior a 2.000 m<sup>2</sup>, deberá incluír na solicitude de licenza un estudio que analice o impacto que poidan producir sobre a rede viaria e la estrutura comercial da zona. As de máis de**

**5.000 m<sup>2</sup> de superficie de venda, requirirán un estudio que defina o seu ámbito de influencia e impacto de tráfico e comercial sobre o mesmo, salvo que a súa implantación fora prevista polo Plan Xeral, ou mediante Plan Especial ou Sectorial que o desenrole, e todo elo sin prexuízo do que resulte da normativa de aplicación en canto ao réxime de usos comerciais e de apertura de actividades.**

**12. Os requisitos de prazas de aparcamento e carga e descarga serán os maiores que resulten de:**

- a Os estudos a que fai referencia o punto 11 precedente, cun mínimo de unha praza cada 25 m<sup>2</sup> de superficie construída ou fracción superior a 15 m<sup>2</sup>.**
- b Os que resulten da Normativa sectorial aplicable.**
- c Unha praza por cada 100 m<sup>2</sup> de superficie construída ou fracción superior a 50 m<sup>2</sup> ou cada 50 espectadores ou clientes potenciais simultáneos ou fracción superior a 25 no caso de locais de reunión ou espectáculo.**

**13. As prazas de aparcamento deberán atenderse no mesmo edificio, parcela ou terreo da actuación. No suposto de que esta condición fose de imposible cumprimento en todo ou en parte as prazas non cubertas deberán proveerse noutra parcela ou terreo situado a menos de 300 metros do deficitario, sempre que con elo non se merme a dotación obrigatoria da parcela ou terreo en que se ubiquen.**

**14. Se consideran usos complementarios os de:**

- a Aparcamento ao servizo da actividade.**
- b Infraestruturas en situación de planta baixa ou inferiores.**

**15. Se consideran usos compatibles os de:**

- a Oficinas directamente relacionadas co uso dominante.**
- b Almacenaxe ao servizo da actividade comercial.**

**(...)**

**17. Os locais de hostelería e/ou reunión, deberán dispoñer de vestíbulos de independencia en todos os seus accesos, con dispositivo de peche automático de ambas portas, e unha superficie mínima de 4 m<sup>2</sup>.**

**18. As plantas destinadas a locais comerciais deberán dispoñer de condutos de ventilación vertical con sección de un metro cadrado por cada douscentos metros cadrados útiles; non poderán segregarse locais que non dispoñan de ditos conductos.**

**Artigo 6.5.2.- Uso individualizado deportivo**

**Comprende os espazos, instalacións e/ou edificación destinados á práctica do deporte, xa sexan as instalacións deportivas ao aire libre, como as instalacións deportivas cubertas.**

**Artigo 6.5.3.- Uso individualizado educativo**

**Comprenden as actividades docentes correspondentes aos distintos ciclos definidos pola lexislación vixente.**

**Artigo 6.5.4.- Usos individualizados de interese público e social**

**Comprende os destinados aos seguintes grupos de usos básicos:**

1. **Sanitario:** actividades destinadas á orientación, prevención e prestación de servizos médicos ou veterinarios, así como as actividades complementarias da principal. Non se consideran incluídos neste uso as farmacias nin os despachos profesionais particulares de saúde alleos a centros médicos.
2. **Asistencial:** actividades encamiñadas a fins benéficos e asistenciais, que informan ou prestan servizos a determinados sectores sociais ou grupos de idade. Se inclúen nesta categoría os centros de acollida de persoas maltratadas, centros de día para ancianos, de rehabilitación de drogodependentes e instalacións similares.
3. **Cultural:** actividades culturais, de exposición, biblioteca, lectura, conferencias e afíns.
4. **Social:** comprende as actividades asociativas e de relación tales como sedes de asociacións empresariais, gremiais, veciñais, sindicatos, partidos políticos, clubs, etc.
5. **Servizos:** os mercados e centros de comercio básicos de propiedade ou xestión municipal, os servizos de extinción de incendios, de protección civil e análogos.
6. **Administración:** comprende as sedes e actividades vinculadas cos servizos da Administración Central, Autonómica ou Local non incluídos dentro de outro uso pormenorizado; de equipamento, así como os servizos de defensa, policía e afíns.

**Artigo 6.8.1.- Usos individualizados relacionados co automóvil.**

1. **O presente capítulo regula as condicións xerais de diversos usos relacionados co automóvil.**
  - a **Aparcamento en superficie.**
  - b **Aparcamento nos edificios.**
  - c **Garaxes.**
  - d **Gasolineiras e estacións de servizo.**
2. **Se define como aparcamento en superficie, a área fora da calzada das vías, destinada especificamente a estacionamento de vehículos.**
3. **Se entende por aparcamento nos edificios, o espazo construído destinado en exclusiva á garda de vehículos relacionados coas necesidades de aparcamento, obrigatorio ou permitido, xeneradas polas actividades realizadas no mesmo.**
4. **Se entende por garaxe a superficie construída adicada á garda de vehículos, como servizo independente de, e/ou en prazas de aparcamento adicionais ás obrigatorias ou permitidas en función das outras actividades que puideran darse no edificio, parcela ou terreo.**
5. **Se entende por gasolineira o conxunto de depósitos e instalacións mecánicas e/ou de distribución precisas para o abastecimento e/ou venda de combustible ou enerxía de calquera tipo para vehículos a motor; e por estación de servizo ás instalacións que, ademais de servizo de gasolineira, dispoñen de superficie construída adicional destinada a funcións de cafetería, restauración, comercio ou taller, aspirado-lavado de vehículos e outras complementarias relacionadas.**

**Artigo 6.8.2.- Condicións xerais do uso de aparcamento.**

1. **As prazas de estacionamento cumprirán as seguintes dimensións, características e proporcionalidade,**
  - a **Normal 2,20 x 4,50 metros.**
  - b **Grande 2,50 x 5,00 metros; una cada sete prazas normais ou fracción superior a 3.**

- c** *Especiais, para minusválidos, 3,50 × 5,00, na proporción establecida pola normativa sectorial de accesibilidade.*
- d** *Motos: 1,25 × 2,50, libre, non conta a efectos do cumprimento de estándares de aparcamento.*
- e** *Praza de vehículos de transporte lixeiro: 2,50 × 6,00.*
- f** *Praza de camións: 4,00 × 12,00.*
- g** *Praza de vehículos especiais: segundas características dos mesmos.*

**2.** *Cando da aplicación das determinacións mínimas expresadas en m<sup>2</sup> de aparcamento resulte un número fraccionario de prazas, a fracción  $\leq 1/2$  se poderá descontar. Toda fracción superior a 1/2 se computará como un espazo máis de aparcamento.*

**3.** *As dimensións mínimas de prazas de aparcamento, expresadas en metros, determinan unha superficie rectangular de solo libre, con exclusión, polo tanto, dos accesos, isletas, ramplas e áreas de manobra.*

**4.** *Os espazos de estacionamento esixidos por estas Normas deberán agruparse en Areas de Planeamento Específico sin producir excesivas concentracións que dean lugar a beleiros urbanos, ni a excesivas distancias ás edificacións e instalacións.*

**5.** *Todo espazo de estacionamento deberá abrirse directamente á calzada das vías urbanas mediante unha conexión cuxo deseño garantice suficiente seguridade principalmente para os peóns, e sexa eficaz na súa forma de dar acceso e saída aos vehículos, coherentemente cos movementos de tráfico.*

**6.** *Os espazos abertos destinados a aparcamento haberán de integrarse na paisaxe urbana propia da zona donde se localizan. A estos efectos se disporán plantacións de arbolado, xardiñería, taludes, mobiliario urbano ou outros elementos que aseguren esta integración.*

**7.** *As áreas de aparcamento se prohíbe todo tipo de actividade relacionada coa reparación de automóviles.*

**8.** *Os espazos destinados a aparcamento terán unha altura útil mínima de 2,20 m. No seu exterior se indicará a altura máxima admisible dos vehículos que haxan de entrar.*

#### **Artigo 6.8.3.- Condicións do aparcamento en superficie**

**1.** *As prazas e pasillos de circulación en áreas de aparcamento separadas do viario, cumprarán os seguintes requisitos*

- a** *Se diferenciará o acceso e a saída, cun largo mínimo de 3,00 metros cada un.*
- b** *Disporase de alomenos un acceso peonil diferenciado, de dimensión mínima 1,20 metros.*
- c** *Eliminaranse as barreiras arquitectónicas que dificulten o seu uso por persoas con mobilidade reducida.*
- d** *Pendente máxima 6%, salvo en áreas de circulación, en que poderá chegar ao 10%.*
- e** *A largura mínima das rúas de circulación será:*
  - *4 m en rúas de sentido único que dean acceso, exclusivamente, a prazas de aparcamento en liña.*

- **5 m en rúas de sentido único que dean acceso a prazas de aparcamento oblicuas ou en batería.**
- **6 m en rúas de dobre sentido de circulación, con ou sin acceso a prazas de aparcamento.**

**f Iluminación artificial que asegure un nivel mínimo de 7 lux.**

**g Axardiñamento de alomenos 1,25 m<sup>2</sup> por praza**

**h Separación perimetral, axardiñada de alomenos 1,50 metros de largura, salvo que se sitúen xunto a lindeiros con edificación medianeira.**

#### **Artigo 6.8.4.- Condicións comúns dos usos de aparcamento nos edificios e de garaxe**

**1. Os accesos situaranse de forma que se garante unha correcta visibilidade hacia e dende a vía pública.**

**2. Non caberá realizar accesos en rúas cuxa distancia entre aliñacións enfrontadas sexa inferior a 6.00 m.**

**3. Nas interseccións de rúas non poderán realizarse entradas a menos de 5 m. da esquina, medidos na aliñación exterior de mazá.**

**4. Os accesos non interferirán con paradas de transporte público ou outros puntos de concentración de peóns.**

**5. Os accesos situaranse, a ser posible, de tal forma que no se destrúa o arbolado existente. En consecuencia, procurará emprazar os vaos preservando os alcorques correspondientes.**

**6. A superficie destinada a prazas non poderá estar ocupada por ningún outro elemento construído estrutural ou de outro tipo.**

**7. As prazas situadas xunto a muros ou elementos análogos manterán unha largura mínima de alomenos 240 cm.**

**8. Aínda cando cumplan as condicións dimensionais no se considerará praza calquera espazo que: careza de fácil acceso; requira manobras de difícil realización; ou, interfira na súa manobra coas ramplas de acceso ou saída.**

**9. Fora das ramplas de acceso ou saída, os pisos destinados a prazas non superarán unha pendente do 8%.**

**10. As rúas de distribución terán como largura mínima a maior das seguintes:**

**a 3,00 metros si non serve de acceso directo a prazas de estacionamento.**

**b 4,00 metros si é unidireccional e só da acceso a prazas en liña.**

**c 5,00 metros nos demais supostos en que sirva de acceso a prazas de estacionamento. Esta dimensión se elevará a 6,00 metros en pasos de dobre sentido de circulación que poidan servir de acceso a máis de 15 prazas de estacionamento en garaxes, e a 35 prazas en aparcamentos.**

**11. As ramplas de acceso e/ou movemento entre plantas non servirán de acceso directo a ningunha praza e cumprirán as seguintes condicións**

**a Tramos rectos: pendente máxima 16%; largura mínima 3,00 metros.**

**b Tramos curvos: pendente máxima 12%; largura mínima 3,50 metros; radio mínimo a eixo de tramo. 6,00 metros.**



**12. Cada acceso ao exterior, deberá dispor no interior do edificio, parcela ou terreo dun espazo de, alomenos, 5,0 metros de fondo e 3,0 metros de largo con pendente inferior ao 2% e radio mínimo de acordo vertical de 25,00 metros; non poderá interferir con ningún tipo de tráfico rodado ou impedimento material.**

**13. Para aparcamentos de menos de 80 prazas, oos accesos poderán ser unidireccionais de uso alternativo. Cando a capacidade sexa maior de 80 prazas e menor de 240, deberán contar cun acceso bidireccional de largo superior a 5,0 metros, ou dous accesos unidireccionais diferenciados. Si é maior de 240 deberán ter entrada e saída diferenciadas, preferiblemente a distintas rúas.**

**14. As ramplas de comunicación entre plantas non poderán ser bidireccionalis, salvo si o seu trazado é rectilíneo. Si fora curvilíneo, ambas direccións deberán separarse mediante elemento continuo resistente a impacto de vehículos de alomenos 0,70 metros de altura.**

**15. O sistema de ventilación proxectarase e realizarse coas características suficientes para impedir a acumulación de gases nocivos en proporción capaz de producir accidentes. Os sistemas de ventilación non causarán molestias aos usuarios de viario, espazos libres ou edificación. Todas as plantas do local, ademais do acceso, terán ventilación directa ao exterior.**

**16. A ventilación natural será admisible en aparcamentos en planta baixa e semisótano sobre rasante; as súas aperturas serán permanentes cunha superficie total mínima equivalente ao 5% da superficie útil do local a ventilar, cando éstas se encontren distribuídas en fachadas opostas de forma que aseguren a corrente de aire no interior. Si todas as aberturas están nunha mesma fachada, a superficie de ventilación haberá de ser alomenos dun 8% da do local.**

**17. A ventilación forzada asegurará unha renovación mínima de aire de alomenos 15 m<sup>3</sup>/h.m<sup>2</sup> de superficie útil do garaxe ou aparcamento. Cando a capacidade do local sexa superior a 20 prazas, o caudal de ventilación deberá repartirse, como mínimo, en dous dispositivos independentes. Cando sexa superior a 40 prazas, os dispositivos de ventilación contarán con suministro complementario de enerxía que garantice o seu funcionamento, sendo obrigatoria a instalación de aparatos detectores de CO<sub>2</sub> que accionen automaticamente a instalación de ventilación. Admítese a posibilidade de casetóns para albergar o sistema de ventilación, cumprindo as condicións urbanísticas de aplicación.**

**18. Cumprirán en todo o que sexa de aplicación a Normativa de protección de incendios.**

#### **Artigo 6.8.5.- Condicións dos aparcamentos nos edificios**

**1.As previsións de prazas de aparcamento serán, como mínimo, as requeridas para cada uso polos estándares fixados nestas normas.**

**2.As previsións mínimas de prazas de aparcamento son aplicables tamén nos edificios que sexan obxecto de ampliación na súa superficie edificada. A contía da previsión será a correspondente á ampliación. Igualmente se aplicarán estas previsións de prazas de aparcamento nos casos de modificación dos edificios ou as instalacións, que comporten cambios de usos.**

**3.O Concello poderá prohibir e/ou eximir o cumprimento dos requisitos mínimos e/ou limitar a provisión dos autorizados, nos seguintes supostos:**

- a En edificios catalogados, cando se trate de obras nos edificios ou, cando sendo de reconstrucción, a implantación do aparcamento sexa incompatible cos elementos que se pretenden reconstruír e/ou cos valores protexidos.**
- b En edificios que dean fronte a rúa con anchura entre alineacións opostas inferior a 6 metros.**

- c En edificios emprazados en rúas céntricas cun alto grao de tránsito peonil, nas cales a implantación do aparcamento ocasionaría graves problemas funcionais.*
- d Cando se constrúa sobre unha parcela na que a forma e as características xeométricas da mesma non permita a implantación da dotación mínima de aparcamento.*

**4. Nos supostos enunciados no punto anterior, a dotación de aparcamentos dunha parcela, que no poidan materializarse na mesma, deberán ser transferidos a parcelas situadas nun radio non maior de 500 metros.**

**5. Salvo en edificios de vivenda unifamiliar, non poderá resolverse de forma individual o acceso dende a vía pública ás distintas prazas de aparcamento.**

**(...)**

**7. Poderá permitirse o emprego de aparatos montacoches.**

**8. Autorízase a mancomunidade de accesos a aparcamento, así como a construción de aparcamentos mancomunados entre parcelas colindantes, sin que en tal caso se reduza a dotación de prazas que corresponda ao conxunto por superficie de edificación.**

**9. Os aparcamentos baixo rasante contarán con patios, chimineas ou mecanismos de ventilación do seu exclusivo uso.**

**10. As escaleiras de acceso a garaxe tendrán un largo mínimo de 1,00 m. A conexión entre o garaxe e o inbible estará provista dun vestíbulo estanco, con portas resistentes ao lume máis de 90 minutos, con sistema de peche automático e con apertura no sentido da evacuación.**

#### **Artigo 6.8.6.- Condicións dos garaxes**

**1. Os proxectos de edificios ou parcelas destinados a garaxe, en parcelas ou emplazamentos distintos das calificadas expresamente polo planeamento, e cuxa capacidade sexa superior a 100 prazas, incluírán un estudo de impacto sobre a rede viaria e o tráfico.**

**2. Terán unha superficie mínima obligatoria de 25 m<sup>2</sup> útiles por praza de aparcamento.**

**3. Os accesos de peóns deberán ser exclusivos e diferenciados dos de vehículos, salvo en garaxes de menos de 20 prazas. As escaleiras ou ramplas de comunicación peonil entre plantas terán un largo igual ou superior a 1,10 m. En cada planta non poderán existir puntos que incumplan o requerido pola normativa de incendios no referente a distancia a accesos ou saídas peonís.**

**4. Deberá dispor de servizos sanitarios e de vestuario, diferenciados por sexo, para o personal que nel traballe.**

#### **Artigo 6.8.7.- Condicións comúns dos usos de gasoleneiras e estacións de servizo**

**1. As gasoleneiras e estacións de servizos poderán implantarse:**

- a En viario público ou espazos libres anexos a viario, previa a correspondiente concesión administrativa no seu caso.*
- b En parcelas privadas, cuxas condicións pormenorizadas de ordenación así o permitan.*

**2. Non poderán implantarse no interior de ningún edificio que conteña outro tipo de uso.**

**3. As condicións de circulación de vehículos no interior da superficie destinada a elo será como mínimo:**

- a Radio mínimo 10 metros e carril de 3,00 m. para vehículos lixeiros.**
- b Radio mínimo 20 metros e carril de 3,50 para camións, autobuses e vehículos pesados**

**4. A solicitude de licenza para a implantación de gasoleiras ou estacións de servizo, deberá ir acompañada de estudo de impacto sobre: seguridade de persoas e bens; e tráfico. A licenza poderá ser denegada si o informe técnico sobre calquera de estos aspectos fose desfavorable.**

#### **Artigo 6.8.8.- Condicións do uso de gasoleira**

**As gasoleiras estarán suxeitas ás seguintes condicións de uso:**

**1. Os surtidores poderán instalarse nas beirarrúas sempre que deixen alomenos 2,00 m. libres para o tráfico peonil e que os vehículos en abastecimento ou espera non interrompan a circulación de vehículos.**

**2. Poderán dispoñer duna edificación pechada de non máis de 6 m<sup>2</sup> de superficie, unha planta e 3 m. de altura destinada, exclusivamente, a funcións de oficina, taquilla, aseo e protección fronte á intemperie do personal empregado.**

**3. Si os surtidores se sitúan no interior da parcela os accesos e saídas á área de abastecimento se situarán a unha distancia non inferior a 10 metros da esquina da calzada á que deran, entendéndose por 'esquina' no caso de calzadas con acordos curvos o vértice teórico de encontro dos correspondientes tramos rectilíneos.**

**4. As superficies destinadas a abastecimento poderán ser cubertas con marquesinas, que:**

- a Cumplan as regras de colindancia.**
- b Se sitúen recuadas máis de 2,00 m. da aliñación obligatoria de fachada si está sinalada.**

#### **Artigo 6.8.9.- Condicións do uso de estación de servizo**

**As estacións de servizo, no referente ás funcións e instalacións de distribución de combustible, axustaranse ao disposto para gasoleiras. As superficies construídas destinadas a servizos ás persoas e aos vehículos terán as seguintes limitacións:**

**1. Si se ubican fora de viario ou espazo público anexo, a superficie total axustarase ás condicións particulares e/ou de uso que foran aplicables á parcela en que se ubiquen e no seu defecto ás condicións tipolóxicas subsidiarias.**

**2. Si se ubiquen en viario ou espazos públicos anexos, ditas construcións non ocuparán máis de 200 m<sup>2</sup> e a súa altura non excederá unha planta ou 5,00 m. de cornisa.**

**3. Cumprirán as condicións xerais de uso propias dos tipos de función a que se destinen**

**4. En todo caso, disporán de, alomenos, dous aseos de uso público, diferenciados por sexo.**

**SEGUNDO.-Publicar este acordo no prazo dun mes no DOGA e a normativa e ordenanzas no BOP da Coruña.**

**TERCEIRO.-Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dándolle traslado de dúas copias autenticadas e dilixenciadas pola secretaría municipal.**

## **6. Aprobación, se procede, do expediente PAS - CONVENIOS 2015 da Deputación Provincial da Coruña**

Consta no expediente a seguinte Proposta da concellería de Desenvolvemento Territorial e do Medio que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio por unanimidade:

### “PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E DO MEDIO

Logo de ver o expediente de solicitude dunha subvención nominativa á Deputación Provincial da Coruña para o financiamento do proxecto técnico “Campo de fútbol de césped artificial en O Pote, Maniños” (RXE núm. 3999 de 17.04.2015), asinado por Francisco Barea Paz, enxeñeiro de camiños, canles e portos, e aprobado polo Pleno do Concello o 07.05.2015.

Logo de ver a circular sobre a aprobación das bases reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña de 08.10.2015, nas que se sinala a posibilidade de solicitar a inclusión dentro deste Plan da obra “Campo de fútbol de céspede artificial en O Pote, Maniños”, obra que xa ten crédito aprobado no orzamento provincial, pero para o que non foi aprobado o correspondente convenio.

Logo de ver que o prazo de finalización da solicitude do PAS-Convenios 2015 remata o 6 de novembro do 2015, proponse que o Pleno do Concello ACORDE:

1.- “Participar no Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a inclusión da subvención nominativa que xa tiña solicitada para a execución de investimentos, que estaba pendente de aprobación e que pasa a incluírse neste Plan:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Campo de fútbol de césped artificial en “O Pote”, Maniños	380.101,23	-	380.101,23
TOTAL			380.101,23

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello, no seu caso, a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”



Fene, 21 de outubro do 2015  
O concelleiro delegado de Desenvolvemento Territorial e do Medio  
Antón Lois Noceda Carballo"

**Sometido o asunto a votación, foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**1.- Participar no Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a inclusión da subvención nominativa que xa tiña solicitada para a execución de investimentos, que estaba pendente de aprobación e que pasa a incluírse neste Plan:**

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Campo de fútbol de césped artificial en "O Pote", Maniños	380.101,23	-	380.101,23
<b>TOTAL</b>			<b>380.101,23</b>

**2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.**

**3.- Comprometerse o concello, no seu caso, a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan se a houbera.**

**4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.**

**5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.**

**6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.**

**7. Aprobación, se procede, da aprobación do "Convenio de colaboración entre o Concello de Fene e o Concello de Ares para o subministro de auga á parroquia de Camouco. Lugares da Malata, Ixobre, Chao do Monte, Pallizo e a Solaina"**

Consta no expediente a seguinte Proposta da concellería de Servizos que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Organización e Seguridade na sesión ordinaria do 28.10.2015 por unanimidade :

"PROPOSTA DA CONCELLARÍA DE SERVIZOS



O Concello de Ares requiriu a colaboración do Concello de Fene de tal forma que se lles permitira conectar a rede xeral de abastecemento de auga potable en Limodre.

O 25.11.2013 asinouse un convenio de colaboración entre ambos concellos na que o Concello de Fene autoriza a que a canalización discorra por un vial público municipal.

Mediante Resolución da Alcaldía 1158/2014 de 06.11.2014 outorgouse licenza para o proxecto de "Dotación de rede de abastecemento de auga potable á Malata, Chao do Monte, Ixobre e Pallizo".

O efectivo subministro da auga fai preciso a subscrición dun novo convenio que regule os termos desta.

Visto o informe de secretaría e intervención emitido con data 19.10.2015, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 LBRL, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao convenio de colaboración entre o Concello de Fene e o Concello de Ares para o subministro de auga ós lugares de Malata-Ixobre, Chao do Monte, Pallizo e Solaina que se transcribe:

<<CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FENE E O CONCELLO DE ARES PARA O SUBMINISTRO DE AUGA Á PARROQUIA DE CAAMOUCO. LUGARES DA MALATA IXOBRE, CHAO DO MONTE, PALLIZO E A SOLAINA.

Fene, ..... de dous mil quince.

#### REUNIDOS

O Sr. Alcalde do Concello de Fene, D. Juventino José Trigo Rey, en nome e representación do referido Concello.

O sr. Alcalde do Concello de Mugardos, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, en nome e representación do mesmo.

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, a teor do previsto no artigo 21.1.b) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, de 2 de abril de 1985, e concordantes do Real Decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, o Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e 61.1 a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia; recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

#### EXPOÑEN

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, establece, no seu artigo 25.1, que os municipios poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo. No apartado 2 do citado artigo, establécense unha competencias propias que o municipio debe exercer, entre as que está o abastecemento de auga potable a domicilio, cualificando, no artigo 26.1.a), o abastecemento domiciliario de auga potable como servizo de prestación obrigatoria por todos os Concellos.

Así mesmo, o artigo 86 da referida Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, declara a reserva a favor das entidades locais de determinadas actividades ou servizos esenciais, entre os que se atopa o abastecemento de augas. De conformidade co exposto, o servizo público de abastecemento de augas é un servizo público reservado legalmente á competencia das entidades locais.

A citada Lei de bases de réxime local, no seu artigo 57, establece textualmente: "a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolveranse con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou convenios administrativos que subscriban".



Así mesmo, as relacións de colaboración e cooperación económica, técnica e administrativa entre as entidades locais galegas regúlanse tamén na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, que establece no artigo 195, entre as formas de realizar esta colaboración, a subscripción de convenios.

Por outra banda é necesario que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Que o municipio de Fene dispón de rede xeral de abastecemento de auga potable en Limodre, rede que se atopa a unha distancia de quince metros da rede de tubarías instaladas polo Concello de Ares para dotar do servizo aos veciños do núcleo de A Malata, Ixobre, Chao do Monte, Pallizo e A Solaina.

Que un obxectivo fundamental e prioritario para os dous concellos é prestar os servizos, non só os mínimos obrigatorios, a todos os veciños, de xeito que, dispoñendo calquera deles das infraestruturas necesarias para a súa prestación non quede ningún veciño dos municipios sen o servizo por razón da distribución ou exercicio de competencias dentro do propio termo municipal, dando así cumprimento á razón da súa existencia, que é prestar aqueles servizos públicos propios que contribúan á satisfacción das necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e promover todas as actuacións que sexan necesarias para garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños.

No marco dos obxectivos expostos, así como no de optimización dos recursos económicos das administracións locais, e entendendo que a fórmula máis idónea para prestarlles o servizo de abastecemento de auga aos veciños do núcleo de A Malata, Ixobre, Chao do Monte, Pallizo e A Solaina, de Ares, é a conexión da rede de abastecemento de Fene a Ares, os concellos asinantes acordan actuar de xeito coordinado e en colaboración para garantir que os veciños de A Malata, Ixobre, Chao do Monte, Pallizo e A Solaina dispoñan do servizo de abastecemento de auga potable, mediante o presente convenio segundo as seguintes

#### ESTIPULACIÓNS

Primeira.- O Concello de Fene autoriza ao Concello de Ares a realizar a conexión da rede de abastecemento de auga de Fene en Limodre a Ares para dotar do servizo de abastecemento á parroquia ou núcleos de A Malata, Ixobre, Chao do Monte, Pallizo e A Solaina.

Segunda.- Para dar subministro á rede de abastecemento de Ares será necesaria a instalación dun contador que permita rexistrar a cantidade de auga subministrada dende o Concello de Fene.

O custo das obras de conexión e instalación do contador será financiado e contratado polo Concello de Ares, e realizado polo concesionario do servizo do Concello de Fene (Viaqua), co que se evitan problemas de conformidade coa boa execución das obras.

Así mesmo serán de conta do Concello de Ares os gastos de reparación do citado contador.

Terceira.- O Concello de Fene ou concesionario do servizo, no seu caso, percibirá as tarifas pola prestación do servizo ou subministro, de acordo coas tarifas recollidas na ordenanza fiscal vixente en cada momento e o canon da auga correspondente (tributo autonómico).

Se durante a vixencia do convenio ou a súa prórroga e como consecuencia do aumento da demanda, o Concello de Fene considerase necesario ampliar a capacidade dos depósitos de Vilar de Colo, o Concello de Ares e o de Fene contribuirán a financiación das obras na proporción correspondente o seu consumo anual da dita instalación.

Cuarta.- A liquidación dos metros cúbicos subministrados será realizada mediante recibos, de acordo coa lectura do contador instalado, e coa periodicidade (mensual, bimensual, trimestral, etc...) que estableza o Concello de Fene ou a ordenanza fiscal correspondente.



O pago dos recibos farase directamente polo Concello de Ares ao concesionario do servizo, a través do procedemento establecido ao efecto na ordenanza fiscal vixente en cada momento.

Quinta.- O Concello de Ares comprométese a aceptar a revisión das tarifas e a forma de pago que se establezan por parte do Concello de Fene polo subministro que se establece neste convenio e nas ordenanzas fiscais correspondentes.

Se por calquera causa o contador estivera avariado, sendo imposible a medición do consumo, facturárase a media dos consumos rexistrados polo contador nos últimos seis meses.

Sexta.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento, interpretación, resolución de controversias e control deste convenio, crearase unha Comisión de Seguimento, integrada por un representante de cada Concello.

Esta Comisión actuará sen prexuízo das competencias que legalmente lle correspondan ás partes.

Sétima.- Vixencia e duración.

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura, sen prexuízo da súa aprobación/ratificación polo órgano competente de cada concello, e estenderá a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2.035, entendéndose prorrogado tacitamente por períodos de cinco anos, se non se denuncia por calquera das partes con tres meses de antelación á finalización do seu prazo inicial ou das súas prórrogas.

Oitava: Natureza xurídica e xurisdición competente.

O presente convenio ten carácter administrativo. Tódalas cuestións que se susciten sobre a súa aplicación, interpretación, resolución de controversias e efectos, e non resulten resoltas pola Comisión de Seguimento, serán resoltas perante a xurisdición contencioso-administrativa.

Novena.- Extinción.

Por mutuo acordo das partes poderase resolver o presente convenio, na súa totalidade ou parcialmente, así como anovar o mesmo subscribindo novo acordo de novación coas mesmas formalidades que as do presente convenio, entendéndose por novación a modificación substancial de aspectos non previstos nas súas estipulacións.

Extinguído o convenio polo cumprimento de seu prazo de vixencia ou por mutuo acordo, procederase pola comisión de seguimento, que seguirá en funcións, a determinar a liquidación das obrigas económicas de cada Concello.

E para que así conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan o presente convenio por triplicado exemplar e con un só efecto no lugar e data indicados no encabezamento.>>

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao Concello de Ares.

TERCEIRO.- A formalización do convenio farase efectiva unha vez quede acreditada a aprobación do convenio polo órgano competente do Concello de Ares.

Fene, 20 de outubro de 2015  
O concelleiro delegado  
Antón Lois Noceda Carballo"

**Sometido o asunto a votación, foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao convenio de colaboración entre o Concello de Fene e o Concello de Ares para o subministro de auga ós lugares de Malata-Ixobre, Chao do Monte, Pallizo e Solaina que se transcribe:**





**<<CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FENE E O CONCELLO DE ARES PARA O SUBMINISTRO DE AUGA Á PARROQUIA DE CAAMOUCO. LUGARES DA MALATA IXOBRE, CHAO DO MONTE, PALLIZO E A SOLAINA.**

Fene, ..... de dous mil quince.

**REUNIDOS**

O Sr. Alcalde do Concello de Fene, D. Juventino José Trigo Rey, en nome e representación do referido Concello.

O sr. Alcalde do Concello de Ares, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, en nome e representación do mesmo.

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, a teor do previsto no artigo 21.1.b) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, de 2 de abril de 1985, e concordantes do Real Decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, o Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e 61.1 a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia; recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

**EXPOÑEN**

I. A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, establece, no seu artigo 25.1, que os municipios poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo. No apartado 2 do citado artigo, establécense unha competencias propias que o municipio debe exercer, entre as que está o abastecemento de auga potable a domicilio, cualificando, no artigo 26.1.a), o abastecemento domiciliario de auga potable como servizo de prestación obrigatoria por todos os Concellos.

Así mesmo, o artigo 86 da referida Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, declara a reserva a favor das entidades locais de determinadas actividades ou servizos esenciais, entre os que se atopa o abastecemento de augas. De conformidade co exposto, o servizo público de abastecemento de augas é un servizo público reservado legalmente á competencia das entidades locais.

II. A citada Lei de bases de réxime local, no seu artigo 57, establece textualmente: "a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolveranse con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou convenios administrativos que subscriban".

Así mesmo, as relacións de colaboración e cooperación económica, técnica e administrativa entre as entidades locais galegas regúlanse tamén na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, que establece no artigo 195, entre as formas de realizar esta colaboración, a subscripción de convenios.

III. Por outra banda é necesario que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

IV. Que o municipio de Fene dispón de rede xeral de abastecemento de auga potable en Limodre, rede que se atopa a unha distancia de quince metros da rede de tubarías



instaladas polo Concello de Ares para dotar do servizo aos veciños do núcleo de A Malata, Ixobre, Chao do Monte, Pallizo e A Solaina.

- V. **Que un obxectivo fundamental e prioritario para os dous concellos é prestar os servizos, non só os mínimos obrigatorios, a todos os veciños, de xeito que, dispoñendo calquera deles das infraestruturas necesarias para a súa prestación non quede ningún veciño dos municipios sen o servizo por razón da distribución ou exercicio de competencias dentro do propio termo municipal, dando así cumprimento á razón da súa existencia, que é prestar aqueles servizos públicos propios que contribúan á satisfacción das necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e promover todas as actuacións que sexan necesarias para garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños.**
- VI. **No marco dos obxectivos expostos, así como no de optimización dos recursos económicos das administracións locais, e entendendo que a fórmula máis idónea para prestarlles o servizo de abastecemento de auga aos veciños do núcleo de A Malata, Ixobre, Chao do Monte, Pallizo e A Solaina, de Ares, é a conexión da rede de abastecemento de Fene a Ares, os concellos asinantes acordan actuar de xeito coordinado e en colaboración para garantir que os veciños de A Malata, Ixobre, Chao do Monte, Pallizo e A Solaina dispoñan do servizo de abastecemento de auga potable, mediante o presente convenio segundo as seguintes**

#### **ESTIPULACIÓNS**

**Primeira.- O Concello de Fene autoriza ao Concello de Ares a realizar a conexión da rede de abastecemento de auga de Fene en Limodre a Ares para dotar do servizo de abastecemento á parroquia ou núcleos de A Malata, Ixobre, Chao do Monte, Pallizo e A Solaina.**

**Segunda.- Para dar subministro á rede de abastecemento de Ares será necesaria a instalación dun contador que permita rexistrar a cantidade de auga subministrada dende o Concello de Fene.**

**O custo das obras de conexión e instalación do contador será financiado e contratado polo Concello de Ares, e realizado polo concesionario do servizo do Concello de Fene (Viaqua), co que se evitan problemas de conformidade coa boa execución das obras.**

**Así mesmo serán de conta do Concello de Ares os gastos de reparación do citado contador.**

**Terceira.- O Concello de Fene ou concesionario do servizo, no seu caso, percibirá as tarifas pola prestación do servizo ou subministro, de acordo coas tarifas recollidas na ordenanza fiscal vixente en cada momento e o canon da auga correspondente (tributo autonómico).**

**Se durante a vixencia do convenio ou a súa prórroga e como consecuencia do aumento da demanda, o Concello de Fene considerase necesario ampliar a capacidade dos depósitos de Vilar de Colo, o Concello de Ares e o de Fene contribuirán a financiación das obras na proporción correspondente o seu consumo anual da dita instalación.**

**Cuarta.- A liquidación dos metros cúbicos subministrados será realizada mediante recibos, de acordo coa lectura do contador instalado, e coa periodicidade (mensual, bimensual, trimestral, etc...) que estableza o Concello de Fene ou a ordenanza fiscal correspondente.**

**O pago dos recibos farase directamente polo Concello de Ares ao concesionario do servizo, a través do procedemento establecido ao efecto na ordenanza fiscal vixente en cada momento.**

**Quinta.- O Concello de Ares comprométese a aceptar a revisión das tarifas e a forma de pago que se establezan por parte do Concello de Fene polo subministro que se establece neste convenio e nas ordenanzas fiscais correspondentes.**



Se por calquera causa o contador estivera avariado, sendo imposible a medición do consumo, facturárase a media dos consumos rexistrados polo contador nos últimos seis meses.

**Sexta.- Comisión de seguimento.**

Para o seguimento, interpretación, resolución de controversias e control deste convenio, crearase unha Comisión de Seguimento, integrada por un representante de cada Concello.

Esta Comisión actuará sen prexuízo das competencias que legalmente lle correspondan ás partes.

**Sétima.- Vixencia e duración.**

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura, sen prexuízo da súa aprobación/ratificación polo órgano competente de cada concello, e estenderá a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2.035, entendéndose prorrogado tacitamente por períodos de cinco anos, se non se denuncia por calquera das partes con tres meses de antelación á finalización do seu prazo inicial ou das súas prórrogas.

**Oitava: Natureza xurídica e xurisdición competente.**

O presente convenio ten carácter administrativo. Tódalas cuestións que se susciten sobre a súa aplicación, interpretación, resolución de controversias e efectos, e non resulten resoltas pola Comisión de Seguimento, serán resoltas perante a xurisdición contencioso-administrativa.

**Novena.- Extinción.**

Por mutuo acordo das partes poderase resolver o presente convenio, na súa totalidade ou parcialmente, así como anovar o mesmo subscribindo novo acordo de novación coas mesmas formalidades que as do presente convenio, entendéndose por novación a modificación substancial de aspectos non previstos nas súas estipulacións.

Extinguido o convenio polo cumprimento de seu prazo de vixencia ou por mutuo acordo, procederase pola comisión de seguimento, que seguirá en funcións, a determinar a liquidación das obrigas económicas de cada Concello.

E para que así conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan o presente convenio por triplicado exemplar e con un só efecto no lugar e data indicados no encabezamento.>>

**SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao Concello de Ares.**

**TERCEIRO.- A formalización do convenio farase efectiva unha vez quede acreditada a aprobación do convenio polo órgano competente do Concello de Ares.**

**8. Mocións urxentes**

Non se presentan.

**9. Rogos e preguntas**

A continuación o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, fai os seguintes rogos e preguntas:

- No seu día houbo unha escola taller de xardinería que fixo dúas actuacións en San Valentín, concretamente o xardín preto da Xunqueira e o escudo da entrada, ámbalas dúas están en moi mal estado polo que roga que se proceda ao seu saneamento e limpeza.



- Di que saben que se puxeron os sinais Orra para facer dirección única, pero non se lles informou nada na Comisión. Roga que se lles dea conta destas actuacións na Comisión.

- Hai unha comunicación da Consellería de Sanidade que di que a auga non ten os parámetros que debe ter. Como tampouco se dixo nada na Comisión queren que lle digan cal é o problema e como se vai resolver.

Contéstalle o alcalde que se recibiu un aviso no que se detecta que nun valor unha cantidade superior á permitida, a empresa xa tomou medidas e están pendentes de que chegue unha nova medición hoxe ou mañá, xa que en teoría o asunto xa estaría solucionado.

- Na comisión informouse que moi probablemente haxa que contratar unha nova traballadora social. Fene ten catro traballadoras sociais e pensa que son número suficiente para atender ás persoas que demandan os servizos sociais. Por todo isto quere saber se se vai contratar unha nova traballadora social ou non.

Contéstalle o concelleiro de Benestar Social e Igualdade, Joaquín Julián Ayala Garrido, que dentro dos asuntos dos que deu conta na Comisión non había nada respecto da contratación doutra traballadora social e repasa os asuntos dos que deu conta. Di que quizais puido ter feito algún comentario respecto da carga de traballo das traballadoras sociais que levaría á formación dunha bolsa para posibles substitucións, pero en ningún momento que haxa a intención de contratar unha nova traballadora social.

- Tampouco se deu conta na Comisión do nomeamento de funcionarios interinos ou se houbo algunha modificación na relación de postos de traballo. Comprobaron que hai un novo traballador interino traballando e tamén houbo cambios no que é o organigrama do persoal do concello dos que non se informaron.

Contéstalle a concelleira de Persoal, Seguridade, Formación e Emprego, Alejandra Permuy Meizoso, que non houbo ningún cambio na RPT. Houbo unha reasignación das tarefas dependendo das necesidades dos servizos e engade que, como hai un traballador cunha baixa longa, tirouse da bolsa de peóns.

- Roga que se solucione o tema do punto limpo, que se tomen as medidas oportunas para abrir o punto limpo e ao mesmo tempo se faga un mantemento externo.

Contéstalle o alcalde que se solicitou un novo informe á Deputación provincial que espera que se conteste en breve. Di que llo comentou ao presidente da Deputación na súa visita ao concello e comprometeuse a darlle prioridade. Se o informe lles permite levalo adiante tal e como estaba previsto, así se fará. Se o informe di que non, automaticamente cambiarán o tipo de xestión para poñelo a funcionar de inmediato.

- Xa se está en novembro e as ordenanzas fiscais aínda non viñeron ao Pleno, por iso pregunta que se van facer con elas? vanse conxelar? vanse suprimir algunhas?

Contéstalle o alcalde que están traballando nas ordenanzas fiscais e están intentando que lles dea tempo a modificar as máximas posibles. Supón que as que se vaian modificar levaranse ao seguinte Pleno. Xa dixo na Comisión ou na Xunta de Voceiros que incluso xa hai informes respecto dalgunha delas.

- Veu que entraron dúas sentencias respecto de Viaqua, non sabe se entraron antes ou despois das comisións pero non se lles deu conta do seu contido. Imaxina que serán respecto da multa e do peche da depuradora de Barallobre.

Contéstalle o alcalde que non se puideron informar nas comisións porque efectivamente entraron despois, o venres e o luns. As sentenzas danlle a razón ao concello respecto do baleirado da EDAR de Barallobre, correspondéndolle a Viaqua o sacar as augas e os lodos. A idea é falar xa coa empresa para que se poñan con iso. Non lembra se impoñen as costas á empresa ou non, pois non estudou a sentenza en profundidade.



- Ten coñecemento que a finca que estaba ofertada para os depósitos da auga de Magalofes, pese a contar con escritura pública e estar inscrita no Rexistro da Propiedade, ao final non se vai optar pola súa adquisición e vaise volver estudar a posibilidade de adquirir aqueles terreos que no seu día, o goberno anterior ao seu, lle encargara a unha persoa para facer a agrupación e adquisición. Por iso quere saber como están os trámites.

Contéstalle o alcalde que de momento non hai nada pechado. Estase estudando todas as posibilidades, tanto as que hai de antes como as de agora, para ver cal é a que máis interese, tanto a nivel económico como técnico.

- Ten coñecemento que a compañía Mapfre, respecto do seguro dos accidentes colectivos, reclama o pagamento do recibo para non anular a póliza, algo que cualifica como moi grave. Por iso quere saber como está este asunto.

Contéstalle o alcalde que a póliza está pagada. O que non estaba pagado é un suplemento de dous traballadores.

- Quere saber que ocupación tivo o goberno onte para que se reunise o GDR Costa Noroeste e o EuroEume cara a súa fusión e ninguén do Concello de Fene acudira a dita reunión en San Sadurniño, sendo o único concello sen ningunha representación. Parécelle moi grave.

Contéstalle o alcalde que estaba prevista a asistencia dun concelleiro e ao final resultoulle imposible acudir.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, di que se un concelleiro non pode asistir deberá ir outro, pois o goberno está formado por nove membros. Di que as cuestións persoais dos concelleiros non lle interesan e só fala nivel de goberno.

Contéstalle o concelleiro delegado de Xuventude e Promoción económica, César Daniel Castro García, que por un imprevisto non puido asistir.

A continuación a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Cando se vai comezar as podas das árbores na avenida Marqués de Figueroa?

Contéstalle o concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo que agarda que se comece na vindeira semana.

- Roga que se limpe o túnel de Pan Perlió, xa que con motivo da chuvia destes días non se pode pasar.

Contéstalle o concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que estudará o tema e que cando teña datos sobre o tipo de filtración e demais verase cal é o alcance e as solucións a adoptar.

- Estase a traballar nos orzamentos do 2016?

Contéstalle o alcalde que cada concellería está comezando a facer os seus números para tan axiña como se poida comezar a traballar con eles. Di que primeiro van paso a paso para non inventar os números.

- Roga que se arranxe un farol da escola infantil, porque ten cables suxeitos con bridas e cinta aislante.

Contéstalle o concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que toma nota e tratará de darlle solución esta ou a seguinte semana.

- Lembra que a estrada que baixa de Tellerías á San Valentín está en moi mal estado.



Contéstalle o concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que espera ter solucionado este asunto entre esta e a seguinte semana.

- Os veciños da rúa do Medio de Perlío á altura do núm. 18 solicitan que se lle poña luz ao farol que hai alí.

Contéstalle o concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que este servizo acumulou un pouco de retraso debido ás vacacións e ás baixas do persoal. Farase canto antes.

- Cales son os criterios que se seguen para elixir aos membros do xurado para as prazas de conserxe que se están a facer. Di que tiña entendido que para ser membro do xurado había que ser funcionario e non laboral. Chámalle a atención que a maioría dos membros do xurado son da mesma cor política por iso quere saber, que criterios se seguen? como se elixen? e se os laborais poden ser xurados para estas probas? Di que ademais para estas prazas de xurado só hai dous conserxes.

Contéstalle o alcalde que os membros do xurado son funcionarios e que se trata dun tribunal de cinco persoas no que hai de todo, hai dous conserxes e o persoal técnico do concello.

Finalizado a orde do día o alcalde levanta a sesión ás 18.30 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Juventino José Trigo Rey

Estefanía Manteiga Lamas